



C

Resumo e consideracións

Consideración xeral

O CES considera necesario deixar patente a dificultade de abordar unha análise dos sectores produtivos, especialmente no caso do sector primario, atendendo á perspectiva de xénero, xa que moitas das bases estatísticas non recollen de xeito diferenciado os datos para homes e mulleres.

1.

Panorama económico

A actividade económica de Galicia presenta en 2018 unha moderación no seu ritmo de crecemento, rexistrando no conxunto do ano unha medra interanual do Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 2,8%, catro décimas inferior á rexistrada no ano precedente. Con todo, por terceiro ano consecutivo presenta un maior dinamismo que a economía española, que en 2018 presenta un crecemento do 2,6%. Esta medra é superior á prevista para o conxunto dos países da Unión Europea (1,9%) e da zona euro (1,8%), favorecendo deste xeito unha converxencia activa con estas áreas xeográficas.

A devandita recuperación ten o seu reflexo no mercado de traballo atendendo tanto ao incremento da ocupa-

ción como á redución do desemprego. Segundo amosa o cadro macroeconómico de Galicia, o número total de postos de traballo equivalentes a tempo completo medrou no ano 2018 un 1,9% (1,8% no ano anterior), sendo esta medra do 3,4% no caso dos asalariados, 1,2 puntos máis que no ano 2017. Con todo, tendo en conta a evolución da ocupación e a caída da poboación activa, a taxa de paro en Galicia descende ata o 13,3% (15,7% no ano 2017). Asemade, cómpre mencionar que a taxa de actividade mantense practicamente constante no ano 2018, situándose no 53,3%.

Ante a desaceleración experimentada pola economía galega no ano 2018, o CES quere poñer de manifesto a importancia de man-

ter un crecemento económico que permita seguir avanzando na redución da taxa de desemprego e no incremento tanto da taxa de actividade como de ocupación.

O CES resalta que a reorientación da economía cara a parámetros máis ecolóxicos pode constituír un novo motor do crecemento, un xenerador neto de empregos de calidade e unha estratexia vital para erradicar a pobreza persistente.

• Contexto económico xeral

O Fondo Monetario Internacional (FMI) reflicte que a economía mundial modera o seu crecemento no ano 2018, presentando unha taxa de variación interanual do PIB real do 3,6%, dúas décimas menos que no ano precedente.

Este crecemento do PIB foi moi desigual entre os distintos países ou áreas xeográficas. A devandita desaceleración rexístrase tanto no conxunto das economías avanzadas como nos países emerxentes e en desenvolvemento, se ben os primeiros medran un 2,2% (dúas décimas menos que en 2017) e os emerxentes e en desenvolvemento un 4,5% (tres décimas menos). As economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento da rexión Asia e Pacífico seguen a ser os de maior crecemento a nivel mundial mantendo unha taxa de variación interanual do 6,4% (China e India medran un 6,6% e 7,1%, respectivamente), en tanto que os países emerxentes e en desenvolvemento europeos presentaron unha forte ralentización, cunha medra do 3,6% (6% no ano anterior) e os de América Latina e Caribe, un 1%.

A demanda interna constitúe o motor de crecemento das economías avanzadas, cunha achega de 2,2 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB, sendo nula a contribución do sector exterior neto. O compoñente da demanda interna que presenta un maior crecemento volve a ser o investimento, cun incremento do 3,1%, seguido pola medra do gasto en consumo privado, cun 2%, e en menor medida, o consumo público, cun 1,6%.

Segundo o devandito organismo internacional, entre as causas desta desaceleración están a ralentización do comercio internacional, as tensións comerciais entre China e Estados Unidos, a ralentización no ritmo de crecemento da economía chinesa provocada polas súas reformas regulatorias, a incidencia negativa da evolución económica en países como Arxentina, Turquía e Irán, con gran relevancia nas súas rexións, a incerteza derivada do Brexit e, por conseguinte, das relacións entre a Unión Europea e o Reino Unido, a ralentización da produción en Alemaña, as tensións sociais en Francia, ou os problemas orzamentarios de Italia.

O CES segue a ver con preocupación os posibles cambios que se están a producir na economía mundial derivados da tendencia proteccionista de EEUU e do Brexit, así como das debilidades estruturais dalgúns países europeos, que poden incidir negativamente na nosa economía. Neste senso, o CES manifesta a necesidade de afrontar estes retos e resistir estas tensións sen xerar desequilibrios no noso crecemento.

O CES pensa que se debe acelerar o paso cara unha economía verde con alto contido tecnolóxico e creadora de novas fontes de emprego en enerxía, transporte, edificación e reciclado.

O noso novo modelo de crecemento económico débese apoiar cada vez máis na economía circular para acadar unha maior contribución á sociedade, con criterios de eficiencia e transparencia e xerando o menor impacto posible.

• Unión Europea

A actividade económica da UE-28 ralentiza o seu ritmo de crecemento no último ano, estimándose unha taxa de variación interanual do 2% segundo os datos recollidos nas previsións económicas de primavera presentadas pola Comisión Europea, medio puntos por baixo do estimado para o ano anterior. A demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía comu-

nitaria, sendo nula a achega do saldo exterior neto.

O investimento en capital fixo segue a ser a compoñente de maior dinamismo, cunha medra do 3,2%, unha décima máis que no ano anterior. O consumo privado ralentizou o seu ritmo de crecemento, presentando unha medra do 1,6% respecto ao ano anterior (2% en 2017) en tanto que o gasto en consumo das Administracións Públicas increméntase nun 1,1%, unha décima máis que no ano precedente. No que á demanda externa se refire, tanto as exportacións de bens e servizos como as importacións rexistraron no último ano unha acusada desaceleración, medrando as vendas ao exterior un 3% en 2018 (5,4% no ano precedente) e as importacións un 3,2%, 1,1 puntos menos que en 2017.

No que aos principais países se refire, España rexistrou un incremento interanual do PIB do 2,6% no último ano, superando ao resto das principais economías da zona euro como Alemaña (1,4%), Francia (1,6%) e Italia (0,9%). Entre os países europeos que non forman parte do euro cómpre mencionar, pola súa importancia, o crecemento do 1,4% do PIB do Reino Unido, destacando, en comparación coas economías sinaladas anteriormente, o crecemento de 4,9% en Hungría influenciado pola achega de 7 puntos da demanda interna.

O devandito dinamismo da UE-28 reflíctese tamén nunha medra da ocupación nun 1,3%, dúas décimas por baixo do estimado para o ano anterior, así como un descenso da taxa do desemprego, que se sitúa no 6,8%, oito décimas inferior ao rexistrado en 2017.

Entre as principais economías, cómpre resaltar dunha banda que España é un dos países con maior crecemento do emprego (contas económicas), cun incremento da ocupación do 2,5% respecto ao ano anterior, sendo esta medra do 1,3% en Alemaña, e do 0,8% e Italia e 0,9% en Francia. Pola contra, España presenta unha elevada taxa de desemprego, cun 15,3%, porcentaxe que tan só é superada por Grecia, cun 19,3%.

• A economía española

O cadro macroeconómico da economía española re-

flíctese que a economía española presenta en 2018 unha moderación no seu ritmo de crecemento. Se entre os anos 2015-2017 a economía medraba a taxas iguais ou superiores ao 3%, en 2018 esta porcentaxe situábase no 2,5%, medio punto por baixo do estimado en 2017. Atendendo á súa evolución ao longo do ano, as taxas de crecemento presentan una desaceleración paulatina, rematando no cuarto trimestre cunha medra do 2,3%, a porcentaxe máis reducida dende o primeiro trimestre de 2015 (3%).

A demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía española ao presentar unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB de 2,9 puntos, cifra similar á do ano anterior. Pola contra, a demanda externa detrae en 2018 catro décimas ao crecemento do PIB, cando no ano anterior contribuía positivamente (unha décima). España encadea seis trimestres onde o sector exterior neto presenta unha achega negativa ao crecemento agregado do PIB.

O CES resalta a súa preocupación pola aportación negativa do sector exterior ao crecemento económico español, o que indica unha perda de competitividade da economía nacional, e as posibles consecuencias que isto pode ter sobre a nosa economía, o que se empeza a reflectir no índice da competitividade rexional.

Entre as compoñentes da demanda interna, tanto o consumo final como a formación bruta de capital fixo (FBCF) rexistraron taxas de variación positivas, se ben mentres que o primeiro mantén o seu ritmo de crecemento, o investimento presenta un positivo impulso. No conxunto do ano 2018 a FBCF aumenta un 5,3% respecto ao ano anterior en tanto que o gasto en consumo final presenta unha taxa de variación interanual do 2,2% (4,8% e 3,5% no ano anterior, respectivamente).

Entre os distintos compoñentes do investimento, salienta o incremento do 6,2% no caso da construción e do 5,4% no dos bens de equipamento (4,6% e 6% no ano anterior, respectivamente). O gasto dos fogares increméntase en 2018 un 2,3%, dúas décimas menos que

no ano anterior, en tanto que o gasto final das Administracións Públicas presenta taxas de variación interanuais superiores ás do ano anterior, acadando en 2018 un incremento do 2,1%, dúas décimas máis que o rexistrado no ano precedente.

Tanto as importacións como as exportacións de bens e servizos presentan no ano 2018 unha ralentización no seu ritmo de crecemento, experimentando as compras ao exterior un maior dinamismo que as exportacións. As importacións medran un 3,5%, máis de dous puntos por baixo que no ano anterior, e as exportacións un 2,3% respecto ao ano precedente fronte ao 5,2% experimentado en 2017.

Dende o punto de vista da oferta, todos os sectores produtivos presentan un incremento na xeración do valor engadido, salientando a construción, que se sitúa como o sector de maior dinamismo, cun crecemento medio anual do 7,6%, case punto e medio máis que no ano anterior. Séguelle o sector servizos, cunha taxa de variación interanual de 2,7%, dúas décimas máis que en 2017, e o sector primario, que tras a caída experimentada no ano anterior (-0,9%) presenta un ritmo de crecemento anual do 2,6% respecto ao VEB xerado en 2017. Por contra, no último ano tan só o sector industrial experimentou unha ralentización no seu crecemento, cunha medra do 1,1% fronte ao 4,4% do ano anterior.

No que á distribución da renda se refire, a remuneración por asalariado experimenta no último ano unha medra superior á rexistrada tanto polo PIB en termos correntes como polo excedente bruto de explotación/rendas mixtas. Dunha banda, a remuneración de asalariados incrementouse un 4,1% en relación ao ano anterior (3,5% en 2017), en tanto que o PIB en termos correntes o fai nun 3,6% (4,3% no ano precedente), de xeito que o seu peso relativo aumenta ata o 47,1%. Doutra banda, o excedente bruto de explotación e a renda mixta experimenta un incremento medio anual do 2,6%, case a metade do ano anterior (5%), situándose o seu peso relativo no PIB no 42,4%.

Finalmente, hai que salientar que a actividade económica medra en todas as Comunidades Autónomas, se

ben este crecemento non foi homoxéneo. Dunha banda, tan só cinco CC.AA. presentan unha medra interanual superior á media española (Madrid, Cantabria, Navarra, Castela A Mancha e Galicia). Doutra, agás A Rioxa e Murcia, ademais de Ceuta e Melilla, o resto das CC.AA. restantes rexistraron crecementos en volume do seu PIB superiores ao da Unión Europea (UE-28).

• A economía galega

A economía galega presenta por terceiro ano consecutivo un maior dinamismo que a economía española. As Contas económicas trimestrais (IGE) reflicten que o Produto Interior Bruto (PIB) en termos reais presenta en 2018 unha moderación no seu ritmo de crecemento, rexistrando no conxunto do ano unha medra do 2,8%, catro décimas menos que no ano anterior. No conxunto do Estado o PIB medra un 2,6% respecto ao ano anterior en tanto que na Unión Europea esta medra sitúase no 1,9%.

Hai que salientar que despois de dez meses consecutivos nos que a economía galega rexistrara taxas de crecemento interanual iguais ou superiores ao 3%, nos tres últimos trimestres do ano 2018 o crecemento do PIB medra por baixo dese umbral, acadando no último trimestre unha medra do 2,6%.

Agregados de demanda

Atendendo ás achegas ao crecemento agregado do PIB da demanda interna e externa, en 2018 ráchase o equilibrio na composición do crecemento da economía galega. Por primeira vez dende 2006, a achega da demanda externa ao crecemento do PIB é negativa (unha décima), o que contrasta coa contribución positiva dun punto do ano anterior. Deste xeito, a demanda interna é o motor do crecemento do PIB con 2,9 puntos, a taxa máis elevada dende 2007.

No concernente á demanda interna, o investimento, medido pola formación bruta de capital, segue a ser a variable máis dinámica. Estímase que a taxa de variación interanual en 2018 ascende ata o 7% fronte ao 5,5% do ano anterior.

O gasto en consumo final das administracións ralentiza

o seu crecemento, fronte ao maior dinamismo do consumo final dos fogares. Ao longo do ano 2018 o gasto en consumo final en Galicia aumenta un 2,2%, seis décimas máis que no ano anterior; o consumo final na economía española increméntase na mesma contía (2,2%). O gasto das Administracións públicas medra un 1,8%, seis décimas menos que a estimada para o ano anterior (2,1% no conxunto do Estado), en tanto que o consumo privado presenta unha taxa de variación interanual do 2,3%, o mesmo ritmo que o rexistrado en España, cando no ano anterior esta porcentaxe era do 1,3%.

O CES pon de manifesto a necesidade de apoiar condiciones favorables para o impulso do investimento produtivo, así como favorecer políticas económicas estables que xeren confianza.

No concernente á demanda externa, ao contrario do acontecido no ano anterior, tanto as exportacións de bens e servizos como as importacións presentan en Galicia un ritmo de crecemento superior ao da media española. O cadro macroeconómico reflicte unha ralentización no ritmo de crecemento das exportacións galegas de bens e servizos, que medran a unha taxa interanual do 3,4% (5% no ano anterior), así como un maior dinamismo no caso das importacións, que presentan un incremento de 3,9% (3,2% en 2017). No conxunto do Estado, estes incrementos foron do 2,3% e 3,5%, respectivamente.

Agregados de oferta

As ramas de actividade analizadas polas Contas Económicas Trimestrais presentan taxas de crecemento interanuais positivas. A nivel agregado, no que aos grandes sectores se refire, cómpre resaltar en primeiro lugar que o devandito crecemento do VEB perde forza en 2018 nos distintos sectores, agás nas ramas industriais de xeito agregado. Cómpre destacar o comportamento da construción e das ramas industriais, que se sitúan como os sectores de maior crecemento cunha taxa de variación interanual do 6,1% e do 3,8% respectivamente (6,7% e 3,2% no ano precedente). Tendo en

conta a importancia da industria manufacturera, hai que destacar que estas actividades ralentizan notablemente o seu ritmo de crecemento cunha taxa de aumento do VEB do 2,8% fronte ao 4,9% do ano anterior.

O CES considera necesario apostar por unha política económica que facilite a adaptación do sistema produtivo ao actual contexto de rápidas e profundas transformacións que se están a producir, para garantir un crecemento duradeiro e sostible que favoreza a creación de emprego de calidade.

O sector servizos, influenciado fundamentalmente pola actividade de comercio, transporte e hostalería, que aporta o 37% do VEB xerado polo sector, presenta unha desaceleración no seu ritmo de crecemento ao medrar un 2,5% no último ano fronte ao 3,1% de 2017. Do mesmo xeito, o VEB xerado polo sector primario presentan unha desaceleración no seu ritmo de crecemento, ao estimarse unha medra do 0,9%, un punto menos que o estimado para o ano 2017.

En comparación co que acontece no conxunto do Estado, tan só o sector da industria no seu conxunto, así como o da industria manufacturera en particular, presentan en Galicia unha taxa de variación interanual superior á da economía española: as ramas industriais medran un 3,8% na Comunidade Autónoma fronte ao 1,1% en España e a industria manufacturera un 2,8%, o dobre do estimado no conxunto do Estado. Por contra, o sector primario presenta o maior diferencial con respecto á economía española, medrando o VEB xerado por estas actividades en España un 2,6% respecto ao ano anterior fronte ao devandito 0,9% en Galicia. Este diferencial sitúase en 1,5 puntos no caso da construción (7,6% en España e 6,1% na Comunidade Autónoma) e en dúas décimas no sector terciario (2,7% e 2,5%, respectivamente).

Distribución da renda

Tras unha medra da remuneración de asalariados (RA) do 4,1% respecto ao ano anterior, catro décimas máis que o estimado polo PIB nominal (3,7%), en 2018 rá-

chase a tendencia descendente da súa participación na renda, que no último ano sitúase no 42,4%, unha décima máis que no ano precedente. Por contra, o excedente de explotación bruto/renda mixta bruta (EBE) aumenta un 3,3% en relación ao ano anterior (6,1% no ano 2017), descendendo o peso relativo do EBE no PIB ata 47,9%, dúas décimas menos que no ano anterior. A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto do Estado o peso da remuneración dos asalariados é superior ao do EBE, representando a RA o 47,1% do PIB español e o EBE, o 42,4%.

O CES segue a ver preocupante o continuo descenso do peso relativo da remuneración de asalariados no PIB e demanda que se avance cara un modelo de crecemento máis inclusivo, con menos desigualdades e cunha distribución da riqueza máis equitativa.

Se se toma como referencia o inicio da crise, no período 2008-18 a participación dos asalariados na renda diminúe en 4,5 puntos porcentuais, e pasa do 46,9% no ano 2008 ata os devanditos 42,4% do último ano, en tanto que o peso do EBE se incrementa en 2,9 puntos porcentuais, pasando do 45% aos 47,9% en 2018. O peso dos impostos netos sobre a produción e as importacións aumentan en 1,6 puntos (8,1% do PIB en 2008 e 9,7% en 2018). Así mesmo, cómpre resaltar que por sexto ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación.

• A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Eurorrexión continúa co se proceso de converxencia coa media comunitaria, representando o seu PIB por habitante o 72% da media dos 28 países da UE, dúas décimas máis que no ano anterior. Con todo, existe unha importante diferenza entre Galicia e o Norte de Portugal, acadando este indicador os 81,8 puntos en Galicia (UE-28 = 100) fronte aos 64,6 puntos na rexión portuguesa.

No que ao mercado de traballo se refire, a taxa de actividade na Eurorrexión ascende a 56,3%, porcentaxe que se sitúa 1,7 puntos por baixo da media comunitaria

(58%). No concernente á ocupación, o 49,2% da poboación de 15 ou máis anos está ocupada na Eurorrexión, porcentaxe que segue a estar por baixo da media europea, que se sitúa no 52,6%. Pola contra, a taxa de paro na Eurorrexión é notablemente superior á media da UE-28, situándose no 9,7%, máis de tres puntos superior á da UE (6,8%).

Mercado de traballo

As Contas económicas de Galicia reflicten que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medrou un 1,9% respecto ao ano anterior, unha décima superior á estimada para 2017, sendo esta evolución novamente inferior á experimentada polo conxunto da economía española (2,5% no último ano fronte ao 2,9% no ano 2017).

O devandito dinamismo económico non logra frear a redución da poboación activa (-0,4%), manténdose a taxa de actividade practicamente constante no 53,3%, o que representa a porcentaxe máis reducida dende o ano 2005 (58,7% no conxunto do Estado). Asemade, aumenta a taxa de ocupación ata o 46,2%, 1,2 puntos máis que en 2017.

O CES considera positiva a evolución da ocupación e do paro. Con todo, insiste na súa preocupación pola caída e o envellecemento da poboación activa, por mor das posibles consecuencias sobre a actividade que isto poda ter a medio e longo prazo sobre a nosa economía.

A mellora da ocupación e a caída da poboación activa favorecen o descenso da taxa de desemprego que se sitúa no 13,3% (15,7% en 2017), dous puntos por baixo da media estatal. Esta é a taxa de paro máis reducida dende o ano 2010, cando se acadara o 15,3%, se ben atópase moi por riba do estimado no conxunto da Unión Europea, cuxa taxa de paro sitúase no 6,8%.

Inflación e prezos

O índice xeral de prezos ao consumo (IPC) mantén ao longo de todo o ano 2018 taxas de variación interanuais positivas, rexistrando en decembro un incremento dos

prezos do 1% en relación ao mesmo mes do ano anterior, dúas décimas menos que no conxunto do Estado. As catro provincias galegas rexistran variacións interanuais positivas do IPC no mes de decembro. Pontevedra cun aumento do 1,2% é a que presenta unha variación maior, igualando a media nacional, seguida de A Coruña co 1%, Lugo co 0,9% e Ourense co 0,8%.

Os produtos que presentan un maior incremento dos prezos tanto en Galicia como en España, pertencen ao grupo da vivenda, as comunicacións e os hoteis, cafés e restaurantes, con incrementos iguais ou superiores ao 2% en Galicia nos tres casos. Dada a condición de ben esencial que ten a vivenda, é especialmente significativo o incremento de prezos do 2,4% e do 2,5% en Galicia e España respectivamente, en relación ao prezo de decembro do ano anterior. Pola contra, os prezos redúcense novamente no grupo ocio e cultura, cunha caída interanual do 0,6% en Galicia (-0,1% en España), así como no de transporte, que en 2018 presenta un descenso do 0,4% na Comunidade Autónoma (medra un 0,2% no conxunto do Estado).

Cómpre destacar que a inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) aumentou ao longo de todo o ano 2018 tanto en Galicia como no conxunto do Estado, rematando o ano cunha medra interanual do 0,8% e do 0,9% respectivamente.

O índice de prezos industriais (IPRI) presenta unha medra en Galicia un 2,1%, incremento medio punto superior ao rexistrado no conxunto do Estado. Na Comunidade Autónoma este incremento ven influenciado, fundamentalmente, polo impacto da evolución experimentada no caso dos produtos enerxéticos e dos bens intermedios, con incrementos do 3,7% e do 3,4% respectivamente. Asemade, os bens de consumo non presentan variación en relación a decembro do ano anterior.

Marco orzamentario e recadación tributaria

O orzamento consolidado da Xunta de Galicia para o exercicio 2019 ascende a 11.544,4 millóns de euros, o que significa unha medra do 7,6% respecto ao orzamento modificado e homoxeneizado do ano precedente.

A conta financeira homoxeneizada para os anos 2018 e 2019 reflicte que o aforro por operacións correntes alcanza case os 918 millóns de euros motivado por unha suba dos ingresos correntes superior ao gasto da mesma natureza (4% e 3,6%, respectivamente). Os ingresos por operacións de capital, 678,5 millóns de euros, tamén se incrementan respecto ao ano anterior motivado polo aumento das transferencias, tanto as procedentes do Estado como as procedentes da Unión Europea. O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 1.652 millóns de euros, incrementándose nun 5,2% respecto aos orzamentos de 2018.

Nos orzamentos do exercicio 2019 o endebedamento neto descende ata os 237,9 millóns de euros, situándose no exercicio anterior nos 311,3 millóns. O destino do endebedamento é, por unha parte, o financiamento de activos financeiros, ao que se dirixen 143 millóns de euros no último ano fronte aos 118,1 millóns do exercicio anterior. Por outra banda, a conta financeira reflicte que a necesidade de financiamento descende ata os 94,8 millóns de euros, o que supón unha redución dun 50,9% respecto aos orzamentos do ano 2018.

Dende un punto de vista funcional, o orzamento correspondente á sanidade e educación absorbe máis da metade do gasto total, co 34,5% e 20,4% respectivamente. A contía destinada á sanidade aumenta un 3,3% mentres que no caso da educación esta medra foi do 3,5%. Aínda que cun peso relativo inferior, cómpre resaltar o incremento do gasto destinado á promoción do emprego e institucións do mercado de traballo (6,8% máis que no exercicio anterior), así como unha nova redución no gasto de promoción de solo para actividades económicas (25,4% menos). Se se teñen en conta todas as funcións, salienta o incremento do 37,1% na partida dedicada á débeda pública, con 1.675,9 millóns de euros, representa o 14,5% do orzamento consolidado.

No que á distribución económica se refire, os créditos destinados a operacións correntes ascenden a 8.158,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 3,6% respecto ao ano anterior. Entre estes gastos salientan os gastos de persoal que, tras unha medra do 3,4% respecto ao exercicio precedente, concentran o 33,7% do orzamento consolidado, seguido polas transferencias

correntes, que supoñen o 20,1% do orzamento (4,4% máis que no ano anterior). Por outra banda, os créditos destinados a operacións de capital ascenden un 5,2% para situarse nos 1.651,9 millóns, o que significa o 14,3% do orzamento, dos que 911,2 millóns corresponden ao investimento real (3,4% máis que no exercicio precedente). Finalmente, as dotacións correspondentes a operacións financeiras acadan os 1.694,5 millóns de euros, o que supón unha medra do 37%, sendo a súa compoñente principal a constituída polo servizo da débeda pública.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2019, unha vez realizados os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, situouse en 69 millóns de euros, o que suporía o 0,1% do PIB. A débeda acumulada en Galicia segundo o Protocolo de déficit excesivo volve a medrar en Galicia por baixo da media estatal, acadando no ano 2018 (referida ao cuarto trimestre de cada ano) os 11.342 millóns de euros segundo o avance do Banco de España, o que representa o 3,9% da débeda total española. O endebedamento por habitante creceu en relación ao período anterior ata acadar os 4.198,03 euros, manténdose moi por baixo da media das CC.AA., que ascendeu a 6.273,77 euros por persoa (no ano 2008 este importe ascende a 1.420,17 e 1.613,96 euros, respectivamente). A rateo débeda/PIB atópase tamén moi por baixo da media das CC.AA., situándose no último ano en Galicia no 18,1% (6,7% no ano 2008).

No concernente á recadación tributaria en Galicia, os datos da Axencia Tributaria en Galicia amosan que no último ano continúa a súa tendencia positiva para situarse en 7.043,9 millóns de euros, un 5,6% máis que no ano anterior (7,6% no conxunto do Estado), descendendo o seu peso relativo no total estatal ata o 3,4%. O imposto máis importante en termos de recadación é o IRPF, con 2.833,1 millóns de euros (40,2% da recadación total), seguido polo IVE, con 2.540,6 millóns (36,1%), e o imposto de sociedades, con 1.189,1 millóns de euros (16,9%). En relación co ano anterior, salienta o incremento da recadación por impostos indirectos (11,3%) influenciado fundamentalmente pola medra da recadación do IVE (11,9%). A recadación polos impostos directos medran un 3% con respecto ao

ano anterior, destacando o incremento da recadación do IRPF, cun 5,4%, que compensa a caída no caso do imposto de sociedades (3,3%)

No caso dos tributos propios da Comunidade autónoma, que engloban as recargas sobre tributos estatais, os tributos cedidos e xestionados pola Comunidade e os tributos cedidos e xestionados polo Estado, o importe total descende ata os 37,6 millóns de euros (2,3% menos que no ano anterior). Entre os distintos tributos cómpre resaltar a importancia do canon eólico, que supón o 60,1% dos tributos propios (22,6 millóns de euros), seguida polos impostos sobre o dano ambiental da auga encorada, cun 30,5% (11,4 millóns). No ano 2017 estas porcentaxes situábanse no 58,7% e 30,7%, respectivamente.

Proceso de converxencia

O indicador do PIB per cápita é unha das variables máis empregadas para medir o proceso de converxencia económica dun territorio. Tendo en conta os efectos do maior dinamismo da actividade económica galega (converxencia activa) e da caída da poboación (converxencia pasiva), o indicador PIB rexionalizable per cápita supera por primeira vez os 90 puntos (España=100), situándose no 90,1% da media estatal, sete décimas máis que no ano anterior. En relación coa media da UE-28, no ano 2017 (último dato dispoñible) o PIB per cápita equivalente ao 82,3% da media comunitaria, acadando esta rateo o 92% no conxunto do Estado.

O CES resalta o comportamento da produtividade aparente do traballo, que se sitúa por debaixo da estatal o que significa unha perda de competitividade en termos relativos.

A crise económica freou a senda de converxencia producíndose un marcado proceso de diverxencia tanto do conxunto do Estado como de Galicia coa media europea. No que atinxe á economía galega, o indicador PIB por habitante redúcese dende o 88,5% do 2008 ata o 79,1% do ano 2013, o que significa unha redución de 9,4 puntos (11,5 puntos no conxunto de España), mentres que dende ese ano ata o 2017 aumenta 3,2 puntos

para acadar os devanditos 82,3% (2,4 puntos en España).

O CES considera necesario continuar cos esforzos para acadar a converxencia coa media española e comunitaria utilizando todos os recursos dispoñibles ao noso alcance, intentando que dita converxencia sexa de maneira activa, mediante o aumento da produción, e non pasiva, mediante a diminución da poboación.

Ligado a este proceso de converxencia cómpre facer referencia á competitividade rexional de Galicia en relación ao resto das CC.AA. Atendendo á evolución do índice de competitividade rexional elaborado polo Consejo General de economistas, Galicia permanece dentro do grupo de Comunidades Autónomas cun nivel competitivo medio-baixo. Comparado co resto das CC.AA., mantense no décimo posto no período 2012-2017 (último dato dispoñible).

Dende un punto de vista dinámico, Galicia presenta un dinamismo moderado, se ben o comportamento competitivo dos distintos eixos é moi desigual. Dunha banda, o entorno económico presenta un forte dinamismo e o capital humano un crecemento moderado. Doutra, as infraestruturas básicas e a innovación presentan unha evolución moi negativa, sendo negativa no caso do entorno institucional.

Evolución demográfica

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2019 descende ata as 2.698.875 persoas, 2.868 menos que no ano anterior (0,1%). Cómpre resaltar que a recuperación da economía galega iniciada no ano 2014 non foi quen de frear a tendencia descendente da poboación empadroada en Galicia, especialmente significativa no caso da poboación potencialmente activa. Así, o descenso continuado da poboación nos últimos anos provoca que, dende o ano 2008, Galicia perdesse 85.294 habitantes, o que supón unha caída do 3,1%, o que contrasta co incremento do 1,8% experimentado no conxunto do Estado. Das nove CC.AA. que perden poboación dende o comezo da crise, Galicia sitúase

como a terceira con maior redución en termos porcentuais, tras Castela e León (-6,2%) e Asturias (-5,3%).

Xunto a este descenso, a evolución e estrutura demográfica galega caracterízase pola dispersión da súa poboación, o desequilibrio territorial e o un marcado proceso de envellecemento.

O sobreenvellecemento da poboación (maior de 75 anos) e a dispersión territorial inciden de xeito significativo no custo da prestación da maior parte dos bens e servizos públicos. O CES demanda que nas propostas de reforma do financiamento autonómico se teñan en conta estas singularidades, e que nos fondos de nivelación se contemple a totalidade dos servizos públicos.

Dunha banda, Galicia conta con 30.246 entidades singulares de poboación, o que representa o 49,1% do total estatal. Asemade, o 90,9% destas entidades teñen ata 100 habitantes, sendo esta porcentaxe do 76,4% no conxunto de España.

No concernente ao desequilibrio territorial, aínda que con distinta intensidade, a poboación descendeu nas catro provincias galegas, así como no conxunto das comarcas da denominada Galicia occidental-costa e Galicia interior. Ourense e Lugo son as provincias que presentan os maiores descensos, cun 0,8% e 0,7% menos que no ano anterior, respectivamente (8% e 6,8% menos que ao inicio da crise económica). Tras esta evolución, estas dúas provincias concentran o 23,7% da poboación galega (24,8% en 2008). Se se considera a desagregación comarcal, na denominada Galicia occidental-costa reside no último ano o 72,2% da poboación, 1,6 puntos máis que ao comezo da crise, fronte ao 27,8% restante na Galicia interior. Finalmente, no que aos sete grandes concellos se refire, estes concentran o 36,6% da poboación empadroada en Galicia (988.028 persoas), fronte ao 35,7% no ano 2008.

As perdas de poboación en Galicia dos últimos anos,

xunto á existencia dun saldo vexetativo marcadamente negativo, determinan a existencia dunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de persoas novas. A 1 de xaneiro de 2019 a idade media en Galicia ascende a 47,3 anos, catro anos máis que a media no conxunto do Estado, manténdose como a terceira comunidade con maior idade media superada novamente por Asturias e Castela e León. Só o 12,7% da poboación residente en Galicia nesa data ten menos de 15 anos (15,8% en España), unha poboación que ten un maior peso porcentual nas grandes cidades galegas agás en Ferrol (11,6%).

A perda de poboación en Galicia concéntrase, dende o ano 2008, no grupo de idade comprendido entre 15 e 44 anos, con aproximadamente 235.000 persoas menos (20,6% menos). Así, o saldo vexetativo negativo e as saídas de poboación minoran considerablemente o grupo de poboación con maiores taxas de fecundidade o que contribúe a acentuar o problema demográfico galego. Os restantes grupos de idade presentan taxas de variación positivas, aínda que inferiores á media española, salientando o incremento entre as persoas maiores de 85 anos, cun 51,9% (12,8% se se consideran os maiores de 65 anos), en tanto que os menores de 15 anos medra un 1,7%. Tras esta evolución, a poboación maior de 65 anos representa no último ano o 25,2% da poboación galega, seis por riba da media española (19,3%), e a maior de 85 anos o 4,7% (en España un 3,2%).

No que respecta ao saldo migratorio, os datos do primeiro semestre do ano 2018 reflicten un saldo positivo de 5.481 no caso das migracións exteriores, consecuencia de que as saídas cara a terceiros países volven a ser inferiores ao volume de entradas rexistradas, en tanto que este saldo é negativo no caso das migracións interautonómicas (138).

Finalmente, consecuencia de factores como unha reducida taxa de natalidade, o incremento da idade media ou a emigración de mozos cunha idade de ter fillos, entre outros, Galicia presenta un crecemento natural cada vez máis negativo. En 2017 (último dato dispoñible) a Comunidade Autónoma presenta o terceiro crecemento vexetativo negativo máis elevado de

todas as comunidades autónomas, 13.517 defuncións máis que nacementos, sendo este saldo superior ao do ano anterior (12.695), resultado dun descenso do 3,2% no número de nacementos e un incremento das defuncións do 0,6%.

• Panorama rural-urbano

Por último, cómpre facer especial mención ao panorama rural-urbano tendo en conta a importancia que o rural galego ten tanto dende o punto de vista social como económico e medioambiental.

Das 2.701.743 persoas residentes en Galicia a un de xaneiro de 2018, un 36,6% (988.028 habitantes) reside nas denominadas zonas densamente poboadas (ZDP) e un 36,8% (994.180 persoas) nas denominadas zonas intermedias (ZIP). O restante 26,6% (719.535 persoas) reside nas zonas pouco poboadas (ZPP).

O CES segue mantendo a súa preocupación polo descenso da poboación en Galicia, especialmente no medio rural, e considera que frear esta tendencia ten de constituír unha das accións máis prioritarias. Neste senso insta á Xunta de Galicia a aprobar medidas concretas para incrementar a natalidade, frear a emigración, e favorecer o retorno de emigrantes, entre outras.

A evolución demográfica non é homoxénea dende esta perspectiva xeográfica, apreciándose contrastes significativos entre as zonas consideradas. Así, en relación ao ano anterior, o descenso da poboación galega en case 6.600 persoas rexístrase tan só nas denominadas ZPP, con 7.919 persoas menos (1,1% menos), aumentando por contra un 0,1% tanto nas ZDP (616 habitantes máis) como nas ZIP (707 persoas máis). Se se considera un horizonte temporal máis amplo, entre os anos 1996 e 2018 a caída da poboación residente nas ZPP foi de 179.524 persoas, o que supón unha redución do 20%, aumentando por contra un 14,3% nas ZIP (124.417 persoas máis) e un 1,6% no caso das denominadas ZDP (14.228 habitantes máis entre os dous anos considerados).

O CES constata a evidente disparidade na evolución entre as zonas rurais e as zonas urbanas, sendo as primeiras as que están perdendo poboación de xeito continuado polo que é preciso impulsar iniciativas que favorezan un desenvolvemento máis equilibrado entre o rural e o urbano.

A idade media das persoas residentes en Galicia é superior entre as mulleres que entre os homes, sendo máis elevada nas zonas pouco poboadas que nas ZDP e ZIP. Para o conxunto da Comunidade Autónoma, a idade media nas ZPP ascende ata os 51,6 anos (53,3 anos no caso das mulleres), cifra moi superior á rexistrada nas ZIP, con 44,9 anos (46,2 entre as mulleres), e nas ZDP, con 45,6 anos (47,4 no caso das mulleres).

Isto ven motivado polo feito de que o 39,5% da poboación residente nas ZPP de Galicia ten 60 ou máis anos, dez puntos máis que no conxunto das ZDP e doce máis que nas ZIP (31,4% en Galicia). No caso da poboación menor de 20 anos, tan só o 12,1% da poboación residente nas ZPP está nesa franxa de idade, fronte aos 17,7% no caso das ZIP e o 16,8% das ZDP.

En termos relativos, o índice de envellecemento, que mide o número de persoas de 65 e máis anos por cada cen menores de 20 anos, acada os valores máis elevados nas ZPP, destacando Ourense, con valores superiores a 432, e Lugo, con máis de 365 (en Galicia a media é de 276,5).

O CES ve con preocupación as cifras da evolución demográfica nas Zonas Pouco Poboadas (ZPP) de Galicia. Á perda de poboación continuada hai que sumarlle a baixa natalidade e os elevados índices de envellecemento (especialmente nas mulleres), o que está debuxando unha Galicia interior, despoboadada, envellecida e con falta de relevo xeracional; polo que insta ás administracións á posta en marcha de plans específicos que axuden a reverter este declive demográfico, favorecendo o asentamento da poboación nas zonas rurais.

Tendo en conta a devandita estrutura demográfica, o crecemento vexetativo é cada vez máis negativo tanto en Galicia como nas tres zonas de poboación consideradas. En 2017, por cada mil habitantes rexístranse en Galicia cinco defuncións máis que nacementos. Este crecemento vexetativo negativo sitúase en 10,9 no caso das zonas pouco poboadas, cando nas zonas densamente poboadas por cada mil habitantes hai 2,6 defuncións máis que nacementos, e nas zonas intermedias, 2,8. 

2.

Mercado de traballo e relacións laborais

• Actividade, ocupación e desemprego

O dinamismo da actividade económica en Galicia no ano 2018 trasladouse de xeito positivo ao emprego atendendo á evolución, en media anual, das grandes cifras do mercado de traballo en termos de ocupación e desemprego. No último ano a poboación ocupada aumentou en 24.900 persoas respecto ao ano anterior e o desemprego estimado reduciuse en 29.700 persoas. Por contra, cómpre destacar unha vez máis, a caída da poboación activa, cifrada en 4.800 persoas (-0,4%).

O mercado laboral no ano 2018 mostra bos datos tanto de creación de emprego como de redución na cifra de desempregados, se ben persisten debilidades, de tal xeito que aínda non se acadaron os valores previos a crise. Esta evolución hai que enmarcala nun contexto de diminución da poboación activa, situándose Galicia cunha taxa de actividade das máis baixas de todas as CC.AA. polo que o CES demanda que continúen os esforzos na senda de reverter a tendencia da actividade e potenciar a creación de emprego.

Se se considera a evolución do emprego atendendo ao rexistro no servizo público de emprego, as afiliacións medraron no último ano en torno a 23.700 afiliacións máis en tanto que o número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego descendeu en case 19.800 persoas.

Entre os principais aspectos positivos destaca, por unha banda, que tanto a EPA como os datos rexistrados nas oficinas de emprego presentan as taxas de variación interanuais máis positivas dende o comezo da crise económica: a ocupación aumenta un 2,4% tanto no caso da EPA como das afiliacións, mentres que se reduce o paro rexistrado un 10,1% e o paro estimado pola EPA un 15,2%. Por outra banda, a diferenza do acontecido nos últimos anos, o número de persoas asalariadas con contrato indefinido medra máis que os temporais (4,9% e 2,6%, respectivamente). No último ano, a taxa de desemprego descende ata o 13,3%, dous puntos e medio menos que no ano anterior, o que a sitúa como a taxa máis reducida dende 2010.

Asemade, a pesar das maiores dificultades de empregabilidade das persoas desempregadas de longa dura-

ción e as das maiores de 45 anos, cómpre salientar o importante descenso en ambos os dous casos. O desemprego de longa duración redúcese en 25.100 persoas (25,6%) e o paro entre os maiores de 45 anos, en 10.300 persoas (21,3%).

Con todo, estes datos positivos teñen de ser matizados tendo en conta non só o descenso continuado da poboación activa, especialmente intensa no caso da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, senón tamén a debilidade relativa do mercado laboral galego en comparación co do conxunto do Estado no que á creación de emprego se refire (os tres indicadores de ocupación considerados presentan taxas de variación interanual inferiores á media estatal) ou que a Comunidade Autónoma mantense entre as CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas de España.

O CES expresa a súa preocupación polas aínda elevadas cifras de desemprego, debendo intensificar as políticas públicas para a súa redución con especial incidencia no desemprego xuvenil, nos parados de longa duración e dos desempregados de máis idade, que a pesares da súa redución no ano 2018, presenta cifras moi relevantes, polo que urxe un maior impulso para a inserción destes colectivos.

Asemade, mentres que a actividade económica superou xa o nivel precrise a comezos do ano 2017, aínda falta tempo para poder considerar superado o impacto negativo da crise económica no emprego, xa que a poboación ocupada en 2018 é un 10,3% inferior á de 2008 (5,6% no conxunto do Estado), e o desemprego estimado supérao nun 46% (34% en España).

• Poboación activa

O número de persoas activas en 2018 en Galicia descendeu ata as 1.077.600 persoas, o que supón un 0,4% menos que no ano anterior, concentrándose esta caída no sexo masculino, con 6.500 activos menos (-1%) e entre as persoas de nacionalidade española, con 9.800

persoas menos (-0,8%). Por contra, hai 1.700 mulleres economicamente activas máis (0,3%), aumentando en 5.000 persoas no caso da poboación activa de nacionalidade estranxeira.

A perda de poboación activa concéntrase nas persoas de 20 a 39 anos, salientando en maior medida, tanto no caso dos homes como das mulleres, o descenso da poboación entre as persoas cunha idade comprendida entre os 35 e 39 anos, de xeito que o número de activos nesta franxa de idade descende no último ano en 8.500 persoas (4.900 homes e 3.600 mulleres). Fronte ao sinalado descenso, cómpre salientar o incremento de poboación activa maior de 55 anos, con 7.700 persoas activas máis que no ano anterior (6.000 homes), e de 6.200 persoas entre aquelas cunha idade entre 45 e 54 anos (5.800 mulleres).

Frear a perda de poboación activa, especialmente da poboación máis nova, continúa sendo para o CES unha das principais prioridades. Neste senso, considera necesario que se apliquen cantas medidas sexan necesarias para reter e atraer a poboación máis nova ao mercado de traballo galego.

Tras esta evolución, Galicia presenta un grado de envellecemento da súa poboación activa superior ao do conxunto do Estado. Dunha banda, o 28,2% da poboación activa galega tiña en 2018 entre 45 e 54 anos e un 18,4% tiña 55 ou máis anos, cando no mercado laboral español estas porcentaxes son do 27,3% e 16,7%, respectivamente. Doutra banda, o 4,6% da poboación activa en Galicia ten menos de 25 anos (6,6% en España) e un 18,6% entre 25 e 34 anos (20,1% no conxunto do Estado).

O paulatino descenso da poboación activa que se ven producindo en Galicia deriva nun constante estreitamento do mercado de traballo na nosa comunidade. No período 2008-2018 a poboación activa en Galicia reduciuse un 5,4%, o que supón 71.300 persoas activas menos, sendo esta caída case cinco veces superior á producida de media no Estado (-1,1%).

A taxa de actividade, entendida como a porcentaxe de poboación activa sobre o total de poboación maior de 16 anos, mantense practicamente constante no ano 2018, situándose no 53,3%, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2005 e 5,4 puntos porcentuais por debaixo da taxa de actividade nacional (58,7%). Comparado co resto das Comunidades Autónomas, tan só Asturias presenta unha taxa de actividade máis reducida (50,8%).

A taxa de actividade feminina segue sendo notablemente inferior á masculina, con taxas do 49,4% e 57,5% respectivamente, o que supón un diferencial de 8,1 puntos porcentuais, a metade do diferencial existente no ano 2008. No conxunto do Estado, o diferencial entre as taxas de actividade de homes e mulleres mantense no último ano en 11,5 puntos porcentuais (64,6% e 53,1%, respectivamente).

• Ocupación

O dinamismo da actividade económica favorece o aumento da ocupación en Galicia, rexistrándose no último ano as taxas de variación interanual máis elevadas dende a recuperación económica tanto no caso das afiliacións en alta laboral na Seguridade Social como na poboación ocupada estimada pola EPA.

As **afiliacións á Seguridade Social** increméntanse en Galicia por quinto ano consecutivo, superando en 2018 o millón de persoas afiliadas. Tras un incremento do 2,4% respecto ao ano anterior (3,1% no conxunto do Estado), na Comunidade Autónoma hai un total de 1.001.430 afiliacións en alta laboral na Seguridade Social, cifra que aínda se sitúa un 7% por baixo do rexistrado antes da crise económica.

Desagregando por réximes de afiliación, en Galicia en 2018 as afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,6% do total, aumentaron un 3,4% en relación ao ano anterior, acadando as 767.355 persoas. Por contra, rexístrase unha perda de afiliacións tanto no réxime especial de autónomos, onde se observa unha taxa de variación interanual negativa do 0,8%, como no das afiliacións ao réxime especial do mar, cunha caída do 0,2%. No último ano, as afiliacións ao RE de autónomos

acadaba as 212.808 persoas, o 21,3% do total, acoillendo o RE do mar as 21.268 afiliacións, o 2,1% das afiliacións en Galicia.

O aumento en case 24.000 das afiliacións acaecido en Galicia no último ano, explícase fundamentalmente pola evolución do sector servizos que incrementa o seu volume de afiliación en máis de 17.500 persoas, de xeito que, tras unha medra do 2,5%, o presenta unha situación en termos de afiliación mellor que antes da crise económica (5,7% máis que en 2008). O sector industrial, tras catro anos consecutivos de incremento, rexistra 144.364 persoas afiliadas, un 17,9% menos que no ano 2008, en tanto que a construción incrementa tamén a súa afiliación nun 2,5% en relación ao ano anterior, acadando as 76.160 persoas afiliadas, un 44,9% inferior á de 2008. No extremo oposto, o sector primario mantén unha redución paulatina de afiliacións dende o ano 2008, situándose novamente como o único sector que presenta unha redución das afiliacións en 2018 (-0,7%), acadando as 60.240 afiliacións, un 25,7% menos que no ano 2008.

A **poboación ocupada** estimada pola EPA en Galicia ascende a 1.077.600 persoas en 2018, o que representa o 5,6% do total estatal. En relación ao ano anterior, Galicia presenta unha medra de 24.900 persoas ocupadas máis, o que supón unha taxa de variación interanual do 2,4%, o dobre do estimado no ano precedente. Este incremento favorece tanto a homes como a mulleres, aumentando en maior medida a ocupación feminina (13.600 ocupadas máis; 2,7%) que a masculina (11.400 ocupados máis; 2,1%). Non obstante, o mercado de traballo presenta novamente no conxunto do Estado un maior dinamismo, estimándose unha medra do 2,7% respecto ao ano anterior (2,8% entre as mulleres e 2,6% no caso dos homes).

A Estratexia Europa 2020 integra como obxectivo prioritario acadar no ano 2020 unha taxa de emprego da poboación entre 20 e 64 anos do 75%. No ano 2018 esta taxa ascende en Galicia ata o 66,7%, dous puntos máis que no ano anterior, manténdose dende o ano 2014 por baixo da media española. No último ano a taxa de ocupación así definida sitúase no 67% en España e no 73,1% no conxunto da UE-28.

Ao igual que sucede na UE-28 e no resto das CC.AA., a taxa de ocupación masculina é superior á feminina, se ben o diferencial existente en Galicia é o máis reducido, con 6,7 puntos porcentuais (70,1% e 63,4%, respectivamente) fronte aos 11,5 puntos da UE (78,9% e 67,4%) e os 12,1 de España (73,1% e 61%).

Se a comparación se fai coa taxa existente ao comezo da crise económica, cómpre resaltar que tanto Galicia como España presentan en 2018 unha taxa inferior á existente no ano 2008 (68,4% e 68,5%, respectivamente), o que contrasta coa situación no conxunto da UE, onde a taxa de ocupación en 2008 situábase no 70,2%.

No que respecta á evolución da ocupación por franxas de idade, no ano 2018 a ocupación descende en Galicia entre as persoas de 20 a 34 anos (5.400 persoas menos) a diferenza do acontecido no conxunto do Estado. O 55,4% dos novos ocupados teñen entre 45 e 54 anos (13.800 persoas máis) e un 41,8% máis de 55 anos (10.400 persoas). Así mesmo, o maior incremento de ocupación no pasado exercicio prodúcese entre as persoas con estudos superiores (12.700 persoas ocupadas máis), se ben hai que resaltar que este feito prodúcese tan só no caso dos homes (6.900 persoas) xa que entre as mulleres o maior incremento prodúcese entre as persoas coa segunda etapa de educación secundaria con orientación xeral (8.100 mulleres de 11.600 persoas máis en Galicia con este nivel de formación acadado).

A nivel sectorial, o ano 2018 caracterízase polo forte dinamismo do conxunto de actividades do sector servizos, que explica en boa medida o incremento da ocupación en Galicia. Asemade, cómpre resaltar que é o único sector que presenta un mellor comportamento que no conxunto do Estado. A diferenza do acontecido nos dous anos anteriores aumenta lixeiramente a poboación ocupada no sector da construción, descendendo por contra a ocupación tanto no sector primario como no industrial.

O sector máis importante en canto a volume de ocupación é o sector servizos, ao acoller no ano 2018 un total de 739.800 persoas (33.600 persoas máis que no

ano anterior), o que representa o 71,8% da poboación ocupada galega, a porcentaxe máis elevada dende o comezo da crise económica (62,9% en 2008). Tras unha medra do 4,5% respecto ao ano anterior, dous puntos por riba da media española, este sector logra recuperar o nivel de ocupación previo á crise económica, de tal forma que en 2018 a ocupación supera nun 2,4% á estimada para 2008 (17.900 persoas ocupadas máis). No conxunto do Estado, esta porcentaxe é do 4,6%.

A ocupación no sector industrial racha a súa tendencia alcista iniciada en 2014, experimentando unha redución do 1,3% (2.200 persoas menos), o que contrasta co incremento experimentado no mercado de traballo en España. Tras este descenso, o sector ocupa en Galicia a un total de 169.000 persoas, o que representa o 15,7% da poboación ocupada galega no último ano (14% no conxunto do Estado), porcentaxe inferior en máis de dous puntos ao peso relativo estimado para o ano 2008 (17,9%). A diferenza do acontecido no sector servizos, o nivel de ocupación na industria é un 21,4% inferior ao acadado no comezo da crise económica (46.100 persoas ocupadas menos).

Dentro do sector industrial cómpre destacar a lixeira redución da ocupación no subsector da industria manufacturera, que emprega no último ano un total de 154.300 persoas, 300 menos que no ano anterior (-0,2%). O emprego nesta rama de actividade representa o 14,3% do emprego total de Galicia, case dous puntos menos que antes da crise económica, situándose esta porcentaxe significativamente por riba da media española, que se sitúa no 12,6% no último ano.

A transformación na que está inmerso o mercado de traballo debe formar parte das políticas públicas, tanto na vertente económica, como en capital humano e en I+D+i.

Dada a celeridade coa que se están producindo os cambios no mercado de traballo, o CES insiste na importancia da readaptación continúa tanto das persoas traballadoras como das empresas.

A ocupación no sector primario, tras dous anos de crecemento, presenta en 2018 unha acusada caída. Tras un descenso do 9,5% respecto ao ano anterior (-0,8% de media en España), a poboación ocupada neste sector sitúase en 68.000 persoas, o que supón o 6,3% da poboación ocupada en Galicia. Dende o comezo da crise económica, a ocupación no sector tan só aumentou nos anos 2016 e 2017, polo que en 2018 o nivel de ocupación sitúase un 29,5% por baixo da estimada en 2008 (28.500 persoas menos).

Finalmente, no que atinxe á actividade da construción, a ocupación presenta un incremento de 700 persoas respecto ao ano anterior (1,0%), ascendendo a poboación ocupada ata as 67.300 persoas, o 6,2% do total de Galicia (6,3% en España). O forte impacto da crise económica explica o feito de que a poboación ocupada na construción representa no último ano o 50,1% da ocupación en 2008 (67.000 persoas menos).

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo a súa situación profesional, Galicia presenta, tanto no caso dos homes como das mulleres, un incremento do número de persoas asalariadas e un descenso por conta propia. Tras un descenso do 4,5% respecto ao ano anterior (10.000 persoas menos), a EPA reflicte que hai en Galicia un total de 215.000 persoas traballadoras por conta propia, o que representa o 20% das persoas ocupadas en 2018, porcentaxe tan só inferior á de Estremadura (16% no conxunto do Estado).

A devandita evolución das persoas traballadores por conta propia explícase na súa meirande parte polo descenso estimado das persoas empresarias sen asalariados, con 9.800 persoas menos, descendendo tamén no caso das persoas que axudan na empresa ou negocio familiar, con 1.100 ocupados menos. Pola contra, aumenta lixeiramente a ocupación no caso dos empregados, con 900 persoas ocupadas máis en relación ao ano anterior. Atendendo á distribución segundo sexo, cómpre resaltar que a caída do número de persoas empresarias sen asalariados foi máis intensa no caso das mulleres, con 6.600 persoas menos, así como o incremento das mulleres empresarias con asalariados, con 2.600 persoas máis, fronte ao descenso en 1.700 persoas no caso dos homes.

Por outra banda, o número de persoas asalariadas ascendeu no último ano ata as 862.400 persoas, un 4,2% máis que no ano anterior, o que representa o 80% da poboación ocupada galega, catro puntos menos que no conxunto do Estado. O devandito incremento ven motivado tanto polo crecemento da ocupación no sector privado (26.000 persoas máis; 4%) como, en menor medida, no sector público (9.100 persoas máis; 5%). Tras esta medra as persoas asalariadas no sector privado en Galicia representan o 62,3% da poboación ocupada galega (67,7% en España) acollendo o sector público un 17,7% (16,3% no conxunto do Estado).

Comparado coa situación existente ao comezo da crise económica, os datos da EPA reflicten que tanto en Galicia como no Estado aumenta a importancia relativa da poboación asalariada, que en 2008 representaban o 76,7% e 82,4%, respectivamente. Non obstante, mentres que en España este incremento tan só se produce entre as persoas empregadas no sector público, manténdose o peso das persoas asalariadas no ámbito privado, en Galicia este incremento prodúcese tanto no ámbito público como privado. Ao comezo da crise económica, o 16,5% da poboación ocupada galega é asalariada no ámbito público (17,7% en 2018) e un 60,2% no sector privado (62,3% en 2018).

No que á desagregación segundo o **nivel formativo** se refire, o 52,9% das persoas ocupadas posúen estudos secundarios ou equivalentes, porcentaxe superior á media española (51,2%), en tanto que o 42,9% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores, porcentaxe semellante á rexistrada de media no Estado. Ao igual que acontece en España, o peso relativo da ocupación masculina é superior á feminina no caso das persoas con estudos secundarios (57,4% dos homes ocupados fronte ao 48% no caso das mulleres), a diferenza do que acontece entre a poboación con estudos superiores, xa que o 48,1% das mulleres ocupadas posúen esta titulación fronte ao 38% no caso dos homes.

Á hora de analizar a calidade do emprego cómpre facer referencia, entre outros aspectos, á **temporalidade**, aos **tipos de contratos** e á **duración da xornada de traballo**. Tendo en conta que, a diferenza do acontecido nos úl-

timos anos, o número de persoas asalariadas con contrato indefinido aumenta en maior medida que entre aqueles con contrato temporal (29.300 e 5.800 persoas asalariadas máis, respectivamente), no ano 2018 ráchase a tendencia crecente da taxa de temporalidade iniciada hai catro anos e se sitúa no 26,6%, dúas décimas inferior á media española.

En opinión do CES, mellorar a calidade do emprego, especialmente no que atinxe á temporalidade, é a clave para garantir un crecemento máis inclusivo e reforzar a cohesión social.

Cómpre resaltar que o devandito descenso prodúcese tan só no caso das ocupación feminina, que presenta unha taxa de temporalidade do 27,5%, máis dun punto inferior á estimada no ano anterior (28,7%), situándose a taxa de temporalidade no 25,6% para os homes (25,3% no ano anterior).

Dende o comezo da recuperación económica a taxa de temporalidade aumenta tanto no sector público como no privado, sendo máis acusada no ámbito público. Dunha banda, en 2018 a taxa de temporalidade no sector público situábase no 24,1%, 6,3 puntos máis que no ano 2013 (27,5% ao comezo da crise económica). Doutra, o 27,3% dos asalariados no sector privado teñen un contrato temporal no ano 2018, tres puntos porcentuais por riba do estimado para 2013 (31,2% en 2008).

O CES chama a atención sobre a aínda elevada taxa de temporalidade e considera necesarias medidas que aumenten o atractivo da contratación indefinida e diminúan os costes de cotización á Seguridade Social, preservando a flexibilidade necesaria para axustar o emprego de forma non traumática ante perturbacións negativas.

Dende o punto de vista da duración da xornada de traballo, os datos da EPA sinalan que a taxa de variación interanual do emprego a tempo parcial en Galicia foi superior ao de tempo completo, a diferenza do acon-

tecido no conxunto do Estado. En 2018 o número de persoas ocupadas a tempo parcial aumenta un 2,6% respecto ao ano anterior (3.700 persoas) cando en España este incremento é dun 0,4%, mentres que a xornada a tempo completo aumenta un 2,3% (21.300 persoas máis), porcentaxe inferior á media española (3,1%). Tras esta evolución, un total de 145.700 persoas teñen en Galicia no último ano un traballo a tempo parcial, o 13,5% da poboación ocupada galega (14,6% no conxunto do Estado), situándose esta porcentaxe no 10,8% ao comezo da crise económica (11,8% en España).

Atendendo á desagregación segundo sexos, a ocupación a tempo parcial segue sendo un fenómeno eminentemente feminino, de xeito que o 77,4% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no último ano son mulleres, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 43,2%. Asemade, este fenómeno eminentemente feminino apréciase tamén no feito de que no ano 2018 tan só o 5,9% dos homes teñen un emprego a tempo parcial, cando no caso das mulleres esta porcentaxe ascende ata o 21,9%.

Ante a cada vez maior concorrencia de novas formas de emprego, o CES insta aos poderes públicos a definir e implantar medidas lexislativas co fin de evitar baleiros normativos en relación con este tipo de empregos.

O CES considera que os poderes públicos deben favorecer a creación de empregos de calidade no ámbito dos coidados e reducir a prevalencia do emprego informal no mesmo.

Cómpre destacar que dende o comezo da recuperación económica a ocupación a tempo parcial aumenta no caso das mulleres a diferenza do que acontece no caso dos homes (0,5% e -1,3% de media ao ano, respectivamente), así como que nese mesmo período de tempo o incremento da xornada a tempo completo é superior tamén entre as mulleres (1,9% e 1,3%, respectivamente).

O 56,4% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2018 teñen unha xornada parcial por non poder atopar un traballo de xornada completa (82.200 persoas ocupadas). No caso dos homes esta porcentaxe sitúase no 58,2% (19.200 persoas) e no 55,9% entre as mulleres (63.000 persoas). No caso das mulleres, o coitado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 16,5% (18.600 mulleres), en tanto que entre os homes o segundo motivo está vinculado á formación, cun 11,5% (3.800 homes).

O CES entende necesario a aprobación de medidas de conciliación que permitan a redución das xornadas parciais non voluntarias e que están ocupadas, fundamentalmente, por mulleres.

No que respecta á dinámica do mercado de traballo, o número de contratos asinados aumenta de forma ininterrompida en Galicia dende o ano 2012, acadando un máximo con 1.082.126 contratos iniciais e convertidos en indefinidos asinados en 2018, un 6% máis que no ano anterior. Do total de contratos asinados, o 90,9% corresponden a contratos de duración temporal, fronte ao 5,1% que representan os contratos de duración indefinida e o 4% dos contratos convertidos en indefinidos. En relación ao ano anterior, os contratos temporais medran un 4,6% (43.360 contratos máis), ascendendo esta porcentaxe ata o 17,1% no caso dos contratos indefinidos (8.085 contratos) e ata o 29,1% nos contratos convertidos en indefinidos (9.719 contratos).

Tomando como referencia o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de asalariados temporais, o índice de rotación laboral aumenta lixeiramente en Galicia ata os 4,3 contratos por asalariado temporal fronte aos 4,6 contratos no conxunto do Estado (2,5 e 3,0 contratos en 2008). Este grado de rotación é sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, acadando os 4,6 e 4,0 contratos por asalariado temporal, respectivamente (2,5 contratos por asalariado temporal en ambos os dous casos no ano 2008).

Atendendo á duración dos contratos, cómpre resaltar

que o 37,1% dos contratos temporais iniciais asinados en Galicia no ano 2018 teñen unha duración inferior a unha semana (35,4% no ano anterior) e un 11,3% presentan unha duración de unha semana a un mes (11,2% no ano anterior). Asemade, un 31,4% dos contratos asinados teñen unha duración indeterminada (33% en 2017).

• **Poboación parada**

O nivel de desemprego estimado pola EPA en Galicia encadea cinco anos consecutivos de descenso, acadando en 2018 as 165.900 persoas (29.700 persoas paradas menos que no ano anterior). Esta é a cifra máis baixa dende o ano 2013, cando se rexistra o paro máis elevado, pero aínda é un 43% superior ao desemprego no ano 2008 (113.600 persoas).

En termos porcentuais, a redución do desemprego respecto ao ano anterior sitúase no 15,2%, porcentaxe non só superior á media estatal (11,2%) senón tamén a máis acusada dende o inicio da recuperación económica.

O descenso do paro estimado afecta tanto a homes como a mulleres, se ben volve a favorecer en maior medida aos homes que ás mulleres. En termos relativos, o descenso medio do desemprego masculino foi do 18,3% en relación ao ano anterior, 6,2 puntos porcentuais máis que a caída estimada no caso das mulleres. En termos absolutos, dos case 30.000 parados menos, 17.900 persoas son homes e 11.900 mulleres.

No que respecta á desagregación por idades, o paro estimado baixa en todos os grupos de idade tanto no caso dos homes como das mulleres, agás entre as mulleres de 16 a 19 anos e as maiores de 60 anos. En termos absolutos os descensos máis acusados estímanse nos grupos de idade de 35 a 44 anos, con 11.500 parados menos (-20,6%), así como entre as persoas entre 45 e 54 anos, con 7.600 desempregados menos (-16,1%).

A pesar da tendencia positiva da redución do desemprego, as maiores dificultades de empregabilidade e as características socioeconómicas do colectivo de desempregados maiores de 45 anos fan especialmente preo-

cupante a existencia de case 65.000 desempregados que superan esta idade en Galicia en 2018, o que supón o 39% do paro na Comunidade Autónoma, a porcentaxe máis alta dende o comezo da crise.

O CES chama a atención sobre a necesidade de mellorar a empregabilidade das persoas maiores de 45 anos e da xente máis nova mediante accións de inserción eficaces e actividades formativas para mitigar o desaxuste entre as súas capacidades e as demandas do mercado laboral.

Os problemas de empregabilidade obsérvanse tamén no feito de que o 44% dos parados estimados en Galicia levan doce meses ou máis en situación de desemprego. No ano 2018 hai en Galicia un total de 73.000 persoas paradas de longa duración, 25.100 menos que no ano anterior, dos que 16.700 teñen máis de 55 anos e 21.300 persoas entre 45 e 54 anos. Atendendo ao tempo de busca de emprego, 59.200 persoas levan dous ou máis anos en paro (80.500 no ano anterior), o que representa o 35,7% da poboación parada galega.

Tendo en conta a positiva tendencia da ocupación en Galicia e a paulatina caída da poboación activa, a taxa de paro estimada descende ata o 13,3%, case dous puntos e medio inferior á do ano anterior, situándose esta porcentaxe no 15,3% no conxunto do Estado. A pesar da caída da taxa de desemprego experimentada coa recuperación económica, esta aínda se sitúa 4,7 puntos por riba da estimada en 2008 na Comunidade Autónoma (8,6%), sendo este descenso de 4 puntos no total estatal (11,3% en 2008). A taxa de paro masculina en Galicia no ano 2018 descendeu ata o 12,4% fronte ao 7,4% do ano 2008, sendo as taxas de paro femininas nos citados anos do 14,4% e do 10,2%, respectivamente.

Reducir a taxa de paro xuvenil e do desemprego de longa duración é unha prioridade para o CES, polo que insta a tomar medidas nesta dirección.

A pesar da favorable evolución do paro estimado nos

últimos catro anos, tanto Galicia como o conxunto do Estado seguen padecendo un grave problema de paro xuvenil. As taxas de paro dos menores de 25 anos situáronse no 32,5% (34,5% en 2017), case dous puntos por debaixo da media española (34,4%), sendo a taxa de paro da poboación entre 25 e 29 anos do 18,5% en 2018 (21% en 2017).

Finalmente, destacar a existencia dunha relación inversa entre taxa de paro e a formación, en tanto que as taxas de paro son menores canto maior é o nivel de formación. No ano 2018 tan só o grupo de persoas con estudos superiores presentan unha taxa de paro inferior á taxa media galega, ao situarse no 8,9% (11,1% no ano 2017).

No que respecta á evolución do paro rexistrado nas oficinas de emprego, no conxunto do ano 2018 Galicia presenta os mellores resultados de todas as Comunidades Autónomas. O paro rexistrado descende en 2018 ata as 174.651 persoas, o que supón un descenso do 10,2% respecto ao ano anterior, un ritmo de caída moi superior á do conxunto do Estado (-6,5%). Con todo, o nivel de desemprego en Galicia é aínda un 7,5% superior ao rexistrado ao comezo da crise económica (12.100 persoas máis), situándose esta porcentaxe no 29,1% no conxunto do Estado.

Tal como acontece co desemprego estimado pola EPA, o paro rexistrado redúcese tanto para homes como para mulleres, aínda que con distinta intensidade. O número de mulleres rexistradas como paradas nas oficinas de emprego en Galicia no ano 2018 foi de 100.281 (o 57,4% do paro rexistrado en Galicia), un 8% menos que no ano anterior, mentres que estaban rexistrados como parados 74.370 homes, un 12,9% menos que en 2017. En relación ao ano 2008 o desemprego feminino é aínda un 2,4% superior, situándose este diferencial no 15,1% no caso dos homes.

A análise do paro rexistrado por grupos de idade mostra como en 2018 todos o grupos de idade presentan un descenso do desemprego, salientando a caída nun 14% no caso das persoas de 35 a 39 anos, e superando lixeiramente o 13% entre as persoas de 20-24 anos e 30-34 anos. Pola contra, tan só a poboación menos de

20 anos e os maiores de 45 presentan descensos inferiores á media galega. Deste xeito, en 2018 o 53,1% dos parados rexistrados nas oficinas de emprego teñen máis de 45 anos (92.827 persoas).

A desagregación do desemprego rexistrado nos distintos sectores económicos, mostra como o 67,4% do total de paro rexistrado en Galicia en 2018 concéntrase no sector servizos, seguíndolle en importancia o sector industrial (11,3%), a construción (9%) e o sector primario (3,6%).

• Poboación inactiva

Finalmente, a poboación economicamente inactiva estimada pola EPA en Galicia é de 1.090.500 persoas, o que supón un descenso de 3.100 persoas en relación ao ano anterior. Esta caída ven como resultado dun descenso de 5.100 mulleres inactivas (-0,8%) e un aumento de 2.100 homes nesta situación (1%). A principal causa de inactividade é a xubilación (47,6% do total de persoas economicamente inactivas en Galicia fronte ao 39,1% en España), seguida polas persoas dedicadas ás labores do fogar, cun 19,2% das persoas inactivas (23,1% no conxunto do Estado). Dentro deste último colectivo, o 85,7% das persoas en Galicia son mulleres.

• Custos e salarios

Galicia presenta en 2018 aumentos salariais pactados superiores aos rexistrados no ano anterior, situándose por riba do rexistrado de media no conxunto de España tanto no caso dos convenios de empresa como nos doutro ámbito. En termos nominais, o incremento no ano 2018 foi do 1,99%, situándose esta medra no 2,02% no caso dos convenios doutro ámbito e no 1,51% no caso dos convenios de empresa.

O custo laboral por traballador e mes aumenta en Galicia no ano 2018 un 1,1% respecto ao ano anterior, unha décima máis que no conxunto do Estado, para acadar os 2.313,15 euros de media, un 10,1% menos que en España. O importe do custo salarial ordinario por traballador e mes acadaron en Galicia no último ano os 1.490,79 euros, 167,49 euros menos que a media estatal, o que sitúa a Galicia como a sexta Co-

munidade Autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos.

O sector de actividade cos custos laborais máis elevados en Galicia e España foi a industria, cunha media de 2.808,04 euros en Galicia, o 91% da media estatal. Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.563,81 euros (o 97,4% do custo medio estatal) e os servizos, con 2.168,96 euros (o 87,6% da media española). Cómpre resaltar que tanto a construción como a industria presentan unha evolución máis positiva en Galicia que no conxunto do Estado, a diferenza do que acontece co sector servizos, onde o custo laboral descende en Galicia un 0,3% fronte á medra do 1,1% en España.

No que respecta á produtividade do traballo, pódese realizar unha aproximación á produtividade aparente do factor traballo, tomando como indicadores ben o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a xornada completa, ben como a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. En 2018, o PIB en termos monetarios (prezos correntes) medrou un 3,7% en Galicia, dúas décimas máis que no conxunto do Estado, en tanto que o número de postos de traballo medrou un 1,9% e as horas traballadas un 0,5% (2,6% e 2,8% en España). Deste xeito a produtividade mellorou un 1,8% no primeiro caso, e un 3,2% se se mide en relación ás horas traballadas (0,9% e 0,7% no Estado, respectivamente).

Así, a mellora relativa da produtividade galega fronte á española ven motivada tanto polo mellor comportamento do PIB como polo menor dinamismo das devanditas variables do mercado de traballo. Dunha banda, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a produtividade do factor traballo en Galicia supón en 2018 o 96,3% da produtividade no conxunto do Estado, situándose esta porcentaxe no 82,1% no caso da produtividade por hora traballada.

Atendendo á súa distribución sectorial, todos os sectores presentan en Galicia un incremento da produtividade aparente do factor traballo. Non obstante, esta é inferior á do conxunto do Estado nos distintos sectores, agás no sector primario se se mide en termos de postos

de traballo equivalente ou na construción en termos de horas traballadas. Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o reducido peso da industria manufacturera, que se sitúa por baixo do 80% da media española se se mide en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Ingresos salariais nas fontes tributarias

Os ingresos salariais medios declarados en Galicia a Facenda ascenderon no ano 2017 (último ano dispoñible) ata os 18.463 euros, o 96,3% do total estatal, o que supón un incremento de 349 euros en relación ao ano anterior (337 euros de media en España). Esta evolución ven explicada polo incremento do 1,3% dos asalariados e dun 3,3% da masa salarial (2,5% e 4,4% respectivamente en España).

Tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é inferior ao dos homes. En Galicia os homes declaran un ingreso medio de 20.554 euros, un 4% inferior á media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 16.123 euros, un 2,7% inferior ao ingreso salarial medio das mulleres en España. En termos absolutos, o diferencial entre homes e mulleres descende en Galicia ata as 4.431 euros en 2017 (4.513 no ano anterior) a diferenza do acontecido no conxunto do Estado onde aumenta ata os 4.849 euros fronte aos 4.745 no ano anterior.

O CES considera que se debe promover a participación das mulleres no traballo remunerado en igualdade de condicións que os homes e facilitar o seu acceso á gobernanza e a toma de decisións a través de medidas que favorezan a conciliación e fomenten a corresponsabilidade.

O CES insiste en que para reducir a brecha salarial entre homes e mulleres é preciso unha maior e máis equilibrada participación das mulleres no traballo remunerado.

A rama de actividade con ingresos salariais medios máis altos segue sendo a das entidades financeiras e aseguradoras, con 33.338 euros, máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 15.346 euros brutos anuais. Cómpre destacar que cinco ramas de actividade presentan uns ingresos salariais medios declarados superiores ao salario medio anual en Galicia: industria extractiva, enerxía e auga; industria; información e comunicacións; entidades financeiras e aseguradoras; e servizos sociais. Estas cinco actividades concentran o 43% dos asalariados en 2017, punto e medio menos que en 2009.

Por contra, as actividades englobadas en outros servizos persoais e de lecer presenta un salario medio anual inferior ao SMI, acollendo ao 12,2% dos asalariados, e o subsector de servizos a empresas ten uns ingresos salariais medios declarados lixeiramente por baixo de 1,5 veces o SMI (12,7% dos asalariados). Asemade, o sector primario, a construción e actividades inmobiliarias e o comercio, reparación e transportes declaran uns ingresos medios comprendidos entre 1,5 e 2 veces o SMI. Estas cinco actividades acollen en conxunto o 57% dos asalariados.

Os datos recollidos nas fontes tributarias permiten obter unha aproximación ao grao de desigualdade no tempo e no ámbito territorial calculando, a través da información relativa aos tramos de percepcións anuais por salario.

Se comezamos polos salarios máis baixos, vese que en Galicia hai un 31,3% da poboación asalariada (menos do SMI) que percibe un 7,4% da masa salarial (en España o 7,6% da masa salarial o percibe o 34,4% dos asalariados) e que o 65,3% absorbe o 35% dos salarios en Galicia (menos do dobre do SMI), e en España o 63,9% dos asalariados o 30,4% da masa salarial.

Se nos situamos nas rendas salariais máis elevadas (máis de 5 veces o SMI) en Galicia un 4% dos asalariados reciben o 15,9% da masa salarial, en cambio en España un 5,2% dos asalariados recibe o 21,1% dos salarios totais.

• Relacións laborais e formación

En opinión do CES, cómpre ir adaptando o mercado de traballo ós novos retos da economía e das relacións laborais, particularmente nos desafíos que traen consigo a dixitalización e as novas fórmulas de traballo.

En 2018 aumentou novamente o número de convenios existentes en Galicia, en tanto que a 31 de decembro se rexistra un total de 1.006 convenios, 29 máis que na mesma data do ano anterior, dos que 881 son de empresa e 125 de sector. Os devanditos 1.006 convenios existentes en Galicia afectan a 492.003 persoas traballadoras, o que supón unha medra superior a 54.000 persoas respecto ao ano anterior.

Por terceiro ano consecutivo aumenta o número de convenios colectivos asinados ou revisados con efectos para 2018, acadando un total de 177 convenios (148 asinados e 29 revisados), incrementándose de xeito moi notorio o número de traballadores afectados por estes convenios, que se sitúa en 257.915 persoas, case 57.000 máis que no ano anterior. Así mesmo, negociáronse por primeira vez 27 convenios, sete menos que en 2017 (26 convenios de empresa), que afectan a 1.447 persoas traballadoras, o que supón unha caída de 7.821 persoas.

O incremento salarial medio pactado nos convenios asinados ou revisados en 2018 foi 1,84%, sendo esta medra superior á rexistrada polo IPC galego (1%).

En Galicia a xornada media pactada na negociación colectiva, tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, mantense relativamente estable no último ano ao situarse nas 1.768,5 horas/ano, case dúas horas menos que no ano anterior. No concernente ao número de horas pactadas por traballador e mes, a enquisa trimestral do custo laboral do INE reflicte que Canarias mantense como a comunidade autónoma co maior número de horas pactadas, con 153,7 horas, seguida por, Madrid e Baleares, que superan as 152,5 horas, e Galicia e Cantabria, que superan as 151 horas mensuais.

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluídas as horas perdidas no lugar de traballo, acadan en Galicia as 129,9 horas no ano 2018, fronte ás 128,7 horas no conxunto do Estado. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 144,8 horas efectivamente traballadas, similar á media estatal, e os traballadores a tempo parcial, un total de 75,6 horas ao mes (77,9 horas no conxunto do Estado).

Finalmente, un aspecto a ter en conta á hora de analizar os convenios colectivos é a súa inaplicación. No ano 2018 rexístrase un descenso no número de inaplicacións de convenios (49 fronte aos 67 do ano anterior) que vai acompañado dunha redución do número de traballadores afectados, 799 persoas traballadoras, un 16,2% menos que no ano anterior.

En relación aos efectos das medidas de regulación de emprego, tras o descenso moi significativo rexistrado en Galicia no ano 2017, no último ano prodúcese un forte incremento no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, que se sitúa en 6.083 persoas afectadas, un 82,2% máis que no ano anterior. O número total de traballadores afectados por procedementos de despido colectivo, suspensión de contrato e redución de xornada comunicados á autoridade laboral no ano 2018 en Galicia foi de 979, 4.939 e 165 persoas, respectivamente. No último ano asináronse 123 procedementos de regulación de emprego pactados (41 menos que no ano anterior) e 21 non pactados (cinco menos), aumentando ata os 21 os procedementos en período de consultas (un máis que en 2017).

No que respecta aos aspectos relacionados co ámbito da seguridade e saúde no traballo, en Galicia no ano 2018 rexístrase un incremento do 2,4% no total de accidentes de traballo con baixa laboral, acadando os 27.941 sinistros. O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, descendeu no último ano en Galicia ata os 3.374 acci-

dentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra lixeiramente superior á media estatal (3.326 accidentes).

A recuperación da actividade económica debe vir acompañada dun maior esforzo no ámbito da seguridade e saúde no traballo, para así evitar retornar aos índices de incidencia de accidentes previos á crise.

O devandito aumento no número de accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves como nos mortais, descendendo pola contra os accidentes graves. No ano 2018 os accidentes leves aumentan en Galicia un 2,4% (653 accidentes máis) e os mortais o fixeron nun 16,3% (sete máis) mentres que os accidentes graves reducíronse un 1,6% (sete accidentes menos). No caso dos accidentes mortais, o índice de incidencia aumenta ata o 6,1 accidentes mortais por cada cen mil afiliacións coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (3,2 en España), sendo a C.A. co índice máis elevado tan só por detrás de Ceuta.

O CES considera preocupante o índice de incidencia dos accidentes mortais en Galicia e demanda que se reforcen as medidas para garantir a seguridade e a saúde no traballo, sobre todo nos sectores con máis riscos.

No concernente á distribución sectorial dos accidentes, todos os sectores agás o sector servizos, presentan unha medra do número de accidentes. O sector servizos é a actividade con maior número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo en Galicia, ao concentrar case o 48% dos accidentes, con 13.245 accidentes, seguido polo sector industrial, que rexistrou 8.796 accidentes (o 31,5%), e a construción, con 3.569 accidentes (o 12,8% dos accidentes en Galicia). Os índices de incidencia aumentan en todos os sectores agás no sector servizos, que tras unha caída do 4,2%, acada os 2.228,4 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, o valor máis reducido de todos os sectores. No extremo oposto sitúase a construción e a industria, con 7.726,22 6.653,91 accidentes. No sector primario,

o índice de sinistralidade aumenta ata o 5.501,88 no caso da pesca e ata o 4.193,83 na agricultura.

No ano 2018 volve a aumentar o número de procesos iniciados de baixas por continxencias comúns e profesionais, descendendo a duración media dos procesos con alta no período correspondente. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias comúns e continxencias profesionais, que se sitúan en 18,48 e 3,56 baixas por cada mil traballadores protexidos en 2018. No que respecta ás baixas laborais por continxencias comúns, a duración media descende ata os 60,4 días (38,7 días de media estatal), o que a sitúa como a segunda C.A. coa duración máis elevada tras Estremadura (67,3 días). Nas baixas por continxencias profesionais, a duración media dos procesos tamén cae levemente ata os 49,4 días, sendo Galicia a comunidade cunha duración media máis elevada (38,1 en España).

No último ano aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias comúns e en continxencias profesionais, acadando as 18,5 e 3,56 baixas (24,96 e 3,53 no conxunto do Estado, respectivamente).

Finalmente, no que respecta ás enfermidades profesionais, dun total de 1.465 casos rexistrados, 853 cursaron baixa laboral (oito máis que no ano anterior), sendo o sector industrial, con 688, seguido do sector servizos, con 631, as ramas de actividade onde máis casos se rexistran.

No concernente á formación nas empresas, o ano 2018 pode considerarse un bo ano atendendo non só á medra do número de empresas potencialmente beneficiarias e empresas formadoras, senón tamén ao número de participantes e traballadores que asistiron aos cursos.

Seguindo as directrices da Comisión Europea (Decisión (UE) 2018/1215 do Consello relativa ás orientacións para as políticas de emprego dos Estados membros), o CES subscribe a importancia de promover a produtividade e a empregabilidade mediante unha formación

adeuada ao longo da vida que responda ás necesidades do mercado de traballo.

As empresas que realizaron formación bonificada no marco do sistema de bonificacións ascendeu no ano 2018 ata as 27.532, o que supón un incremento do 3,1% respecto ao ano anterior (0,3% no caso das empresas potencialmente beneficiarias). Deste xeito, a taxa de participación das empresas formadoras ascende ata o 28,4% das potencialmente beneficiarias, porcentaxe que se sitúa máis de sete puntos por riba da media rexistrada no conxunto do Estado (21,2%). Cómpre resaltar que no último ano ráchase en Galicia a tendencia descendente desta taxa de participación, ao aumentar dende o 27,6% de 2017 ata os devanditos 28,4% do último ano.

No concernente ao número de participantes, o seu número aumentou no último ano ata as 207.372 persoas, o que supón un incremento do 6,8% respecto ao ano anterior (13.512 participantes máis), 3,1 puntos inferior á media estatal. Neste último ano 2018, o 58,7% dos participantes son homes, e o 41,3% restante mulleres.

É necesario deseñar políticas activas de emprego que garantan o axuste entre as necesidades da demanda e a oferta de traballo e que aglutinen actuacións coordinadas de orientación, intermediación e inclusión laboral co fin de impulsar una transición áxil e rápida de adaptación e reinserción laboral adaptada as novas necesidades do mercado de traballo.

O CES considera que é preciso avaliar de maneira pormenorizada a efectividade das políticas activas de emprego e posteriormente reorientalas buscando maior empregabilidade dos colectivos de máis difícil colocación no mercado laboral, aumentando os orzamentos en políticas activas de emprego, que se viron mermados de maneira acusada durante o período de crise económica, así como establecer mecanismos de mellora.

No que á modalidade formativa e aos contidos se refire, en 2018 o 72,6% dos participantes seguen cursos presenciais fronte ao 25,8% mediante teleformación e o restante 1,5%, segue unha modalidade mixta. A área de competencia que máis participantes concentra é a de seguridade e prevención, cun 26,4% dos mesmos, seguido pola de administración e auditoría, cun 13,9%. 

3.

Dinamismo de tecido produtivo

• Estrutura produtiva

Tras unha medra interanual do 3,7%, o Produto Interior Bruto (PIB) nominal da economía galega ascendeu no ano 2018, segundo os datos presentados nas Contas Económicas do IGE, ata os 63.935,7 millóns de euros (prezos correntes). O maior peso corresponde ao sector servizos co 62,3% do PIB total, seguido da industria co 17,2%, da construción cun 6,6%, e do sector primario co 4,8%. Os impostos netos sobre os produtos representan o 9,1% do PIB.

Por segundo ano consecutivo, o crecemento do 2,8% do PIB galego en termos reais caracterízase polas taxas de variación interanuais positivas tanto nos catro grandes sectores como nas distintas ramas de actividade, aínda que cunha intensidade diferente en cada caso. Ao igual que no ano anterior, o sector da construción presenta a taxa de variación interanual máis elevada, cunha medra do 6,1%, seguido polo sector industrial, cun 3,8%. O sector servizos e as ramas agraria e pesqueiras medran no último ano un 2,5% e 0,9%, respectivamente.

O CES valora positivamente que todos e cada un dos sectores produtivos de Galicia contribuíran no 2018 de xeito positivo ó crecemento do PIB. Por isto considera que debe continuarse na senda de dinamismo a través dunha liña estratéxica de apoio aos sectores produtivos de forma inclusiva buscando a súa maior produtividade como mecanismo para impulsar un crecemento estable e sostenido no tempo que se traslade á creación de emprego de calidade.

Se se considera a evolución das distintas ramas de actividade, o subsector que presenta a maior taxa de crecemento é o das actividades profesionais, cun crecemento do 4,4% respecto ao ano anterior, por diante do comercio, transporte e hostalería, cun 3,4%, e o da industria manufactureira, cunha taxa de variación interanual do 2,8%.

Segundo os datos da Contabilidade Rexional de España (CRE), o peso da economía galega no total estatal mantense estable arredor do 5,2% do PIB do Estado, sendo

esta porcentaxe do 5,5% no caso da ocupación medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. En termos de poboación, o peso relativo de Galicia é no 5,8%.

O CES entende que a importancia dos avances do sector industrial e da construción no ano 2018 deben acompañarse cun entorno facilitador e estable e unha inversión pública que, xunto coa privada, impulsen o crecemento sostible.

• Sector primario

O sector primario debe ser considerado como un sector estratéxico para a economía galega, tendo en conta que a súa relevancia vai máis alá do seu impacto estritamente económico. Así, a estrutura produtiva e territorial de Galicia aséntase en gran medida sobre este sector, e asemade, incide de maneira directa tanto sobre a fixación da poboación, como na ordenación do territorio ou na preservación do medio ambiente.

O CES considera que o sector primario é un sector estratéxico para a economía galega pola riqueza, emprego e fixación da poboación no territorio. Así, ante a perda de emprego que está experimentando o sector, tanto na rama agraria como na pesqueira, propón que se adopten medidas de apoio a estes sectores fundamentais, así como que se maximice o aproveitamento dos fondos procedentes da Unión Europea destinados a estes sectores.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades agrarias presenta no ano 2018 un incremento no ritmo de crecemento, ao medrar en termos reais (prezos constantes) un 0,9% no último ano, un punto menos que no ano anterior. O cadro macroeconómico de Galicia (IGE) amosa que a devandita ralentización do crecemento tradúcese nunha caída da ocupación, medida a través dos postos de traballo equivalente a

tempo completo, do 4,8% cando no ano anterior rexistrárase unha medra do 3,8%.

En termos nominais, o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) redúcese ata os 3.010,5 millóns de euros, un 6,1% inferior ao contabilizado no ano precedente (medra un 0,9% de media no Estado). Os datos da CRE indican que o peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total estatal descende ata o 9,5%, aínda que se mantén como a terceira Comunidade autónoma con maior contribución tras Andalucía e Castela A-Mancha (30% e 10,9%, respectivamente).

Tras o devandito comportamento do sector primario, a Contabilidade Rexional de España (INE) amosa que a súa achega ao PIB total da economía galega descende ata o 4,8%, cinco décimas menos que no ano anterior. A pesar desta redución, esta porcentaxe sitúase moi por riba do peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2018 foi do 2,6%.

Dende o punto de vista do emprego, e con base na Enquisa de poboación activa (EPA), a poboación ocupada no sector (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura), tras dous anos de crecemento, redúcese en 2018 en 7.200 persoas, acollendo un total de 68.000 persoas ocupadas. Este descenso explícase tanto pola caída estimada no sector agrario, onde a ocupación descende en 3.100 persoas (5,6% menos que no ano anterior), como polas actividades relacionadas coa pesca e a acuicultura, que experimentan un descenso do 20,7% (4.100 persoas menos). Con estes datos negativos, o emprego no sector agrario descende ata as 52.300 persoas e no sector pesqueiro a 15.700 persoas. A achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado mantense no 8,4%.

O sector primario é o que menos valor destina ao pago de salarios pese á leve mellora dos datos económicos. O CES insta a promover accións que favorezan a creación de emprego de calidade para favorecer a recuperación do sector e das zonas rurais de Galicia, xa que é a principal actividade vertebradora do territorio.

O número total de explotacións agrarias en Galicia desce no ano 2016 (dato actualizado a maio de 2019) ata as 76.410, o 8,1% do total de explotacións do conxunto do Estado, das que 53.300 corresponden a explotacións gandeiras, case a cuarta parte do total de España. Comparado co ano 2007, Galicia experimentou un descenso do número de explotacións agrarias do 13,2% (-9,5% no Estado), sendo esta caída superior ao 33% no caso das explotacións gandeiras (-20,3% en España). A pesar desta caída, o valor da produción aumenta en Galicia ata os 2.468,6 millóns de euros, o que supón o 6,4% do valor total no conxunto do Estado, medio punto porcentual máis que no ano 2007.

Se se consideran as explotacións onde o consumo propio supera o 50% da produción final, Galicia conta en 2016 cun total de 15.700 explotacións que cumpran esta característica, o que representa máis da quinta parte das explotacións agrarias galegas fronte ao 3,5% no total estatal (en 2007 estas porcentaxes eran tan só do 1,1% en Galicia fronte ao 0,3% no Estado).

O sector agrogandeiro amosa debilidades en canto á perda de postos de traballo, ao elevado número de explotacións dedicadas ao autoconsumo e a elevada parcelación da superficie agraria. Do mesmo xeito un ano máis os datos relativos á comercialización de leite, deixan a Galicia como a comunidade onde máis se produce e na que menos se cobra, cun diferencial de 1,1 céntimos por litro con resto de CCAA e un de 3,4 céntimos coa media UE-15.

A principal rama de actividade no subsector gandeiro é a produción de leite. Cómpre resaltar en primeiro lugar que o conxunto de explotacións lácteas galegas achegan case o 40% da produción total do Estado, manténdose entre as primeiras rexións lácteas da Unión Europea. O número de explotacións con entrega de leite en 2018 ascende a 7.773, o que representa unha redución de case 500 explotacións respecto ao ano anterior. Tras esta caída do 6%, Galicia concentra o 54,7% das explotacións con entregas en España (55,3% no ano 2017), situándose en segundo lugar Asturias, cun 12,7%.

A produción de leite de vaca aumenta no último ano en Galicia un 3% acadando as 2,74 millóns de toneladas en 2018, o que supón o 38,5% da produción total de leite en España. A Comunidade Autónoma mantense como a primeira produtora nacional, triplicando a produción de Castela-León, segunda comunidade por volume de produción (12,8%). En relación ao ano anterior, o incremento do volume de leite producido en Galicia é superior ao rexistrado no conxunto do estado, onde medra un 1,4%.

En paralelo ao incremento da produción, o prezo medio por litro de leite percibido polo produtor en Galicia ascende no último ano ata os 31,1 céntimos de euro, situándose a media estatal en 32,2 céntimos por litro. No último ano, o diferencial coa media española redúcese ata os 1,1 céntimos (1,3 céntimos en 2017).

Xunto á produción leiteira en Galicia, no ámbito do subsector gandeiro cómpre mencionar pola súa importancia tanto a produción de carne, que mantén unha tendencia crecente nos últimos anos influenciada pola evolución da produción avícola (concentra o 51,3% da produción total), como a de ovos de galiña. Por outra banda, entre as producións agrícolas salientan os cultivos forraxeiros, a pataca, o millo de gran ou o viño.

No concernente ao subsector vitivinícola, a campaña do ano 2018 foi unha campaña moi abundante converténdose na segunda máis importante por detrás da de 2011. A produción de viño ascendeu no último ano ata os 64,1 millóns de quilos de uva, o que supuxo un incremento do 4,1% en relación á campaña anterior. Este incremento estivo influenciado en maior medida polo bo comportamento da Denominación de Orixe Monterrei, que case duplica a súa produción (93,5% máis que na campaña anterior), así como as DO Ribeira Sacra e Valdeorras, cunha medra de case o 12%.

No último ano a DO máis importante en termos cuantitativos é a DO Rías Baixas, que no ano 2018 recolectou un total de 38,6 millóns de quilos (un 1,9% menos que no ano anterior), o que representa o 60,2% da produción total galega. A produción do Ribeiro, a segunda máis importante, presenta tamén un descenso da súa

produción, recollendo un total de 9,1 millóns de uvas, un 6% menos.

Outras actividades dentro do subsector agrogandeiro, como a agricultura ecolóxica, adquiren cada vez maior importancia, tanto cualitativa como cuantitativamente. Dunha banda, a superficie certificada como ecolóxica en Galicia aumenta un 5,7% en relación ao ano anterior, para situarse nas 33.736,4 hectáreas en 2018, das que Lugo concentra o 48,9% (16.507,3 hectáreas) e Ourense, un 24,5% (8.253 hectáreas). Doutra banda, o valor da produción certificada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica medrou un 33,2%, acadando os 78,7 millóns de euros (19,6 máis que no ano anterior), presentando un incremento do 57,2% na provincia de A Coruña (o valor da produción ascendeu a 16,4 millóns de euros). O leite e os seus derivados seguen a ser os que máis volume de vendas certificadas obtiveron, con 26,1 millóns de euros (41% máis que no ano precedente), seguidos pola carne e derivados, con 12,7 millóns (46,7% máis) e as conservas de peixe, con 9,6 millóns (24,1% máis). Estes tres produtos concentran o 60,2% do valor total da produción galega, 1,1 puntos porcentuais menos que no ano anterior (59,1%).

Outras actividades de grande importancia na nosa comunidade son as integradas no subsector mar-industria. O número de embarcacións operativas con porto base en Galicia ascende no último ano ata as 4.371 en terceira lista (buques de pesca extractiva e marisqueo) e 1.273 en cuarta lista (buques auxiliares de pesca ou de actividades de acuicultura). No referido ás embarcacións da terceira lista, o cómputo global de 2018 amosa a continuidade na tendencia dos últimos anos en relación á caída no número de unidades, cun descenso do 1,1% con respecto a 2017 (48 buques menos que no ano anterior), rexistrándose este descenso tanto no caso do caladoiro nacional (Cantábrico-No-roeste), con 47 buques menos, como nas pesqueiras internacionais, con tres buques menos, aumentando por contra os buques nas pesquerías comunitarias, con dous pesqueiros máis.

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas ao longo do ano 2018 rexistra un descenso tanto do seu volume de produción (18,4% menos)

como na súa facturación (4% menos). Tras esta evolución, o volume de produción acada as 173,6 miles de toneladas, situándose o seu valor nos 488,3 millóns de euros. A lonxa do porto de Vigo, a pesar do descenso experimentado no último ano (8,1%), continúa sendo a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 106 millóns de euros, mentres que en termos de volume de produción, A Coruña (Lonja Coruña S.A.) é a que máis tonelaxe rexistra, con 40,1 miles de toneladas no ano 2018 (15,5% menos que no ano anterior).

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2018 ascenden a 174,1 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), 146,9 millóns de euros no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e a 26,1 millóns do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). En relación ao importe total en España, estes pagos representan só o 3,2% do total estatal para o FEAGA, o 14,1% no caso do FEADER e o 21,7% no do FEMP.

Se se considera a distribución dos pagamentos Feaga e Feader atendendo á súa distribución segundo as principais liñas definidas, entre os pagamentos Feaga saíentan os pagos básicos (69,4 millóns de euros), o pago para prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente (37,3 millóns) e as axudas asociadas voluntarias para o vacún de leite (peninsular), con 31,7 millóns de euros. Doutra, no caso dos pagamentos Feader destacan polo seu importe os investimentos en activos físicos, con 41,6 millóns de euros, e os investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques, con 27,2 millóns de euros.

O CES quiere resaltar que na asignación das axudas da PAC en Galicia, pese a que as mulleres son o 56,8 % das persoas físicas perceptoras, namentres perciben o 44,55% dos fondos, o que sinala a fenda de xénero en relación coas axudas públicas máis importantes que ten o sector.

No concernente ás axudas directas e desenvolvemento

rural cómpre destacar a distinta distribución entre Galicia e o conxunto do Estado. Dunha banda, no exercicio 2017 (último dato dispoñible) había en Galicia un total de 27.357 perceptores, dos que o 56,8% son mulleres (15.545 persoas), e o 43,2% restante son homes (11.812 perceptores). Por contra, no conxunto do Estado as mulleres tan só representan o 32,8% dos perceptores fronte ao 67,2% dos homes. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal, Galicia acolle ao 17,9% dos perceptores totais, sendo esta porcentaxe do 31% no caso das mulleres e do 11,5% no dos homes.

Doutra banda, respecto aos importes percibidos, a contía total ascendeu en Galicia a 115 millóns de euros no último exercicio. A pesar de que o número de mulleres perceptoras é superior ao dos homes, estes últimos concentran o 55,5% do importe total percibido (63,8 millóns de euros) en tanto que as mulleres reciben o 44,5% restante (51,2 millóns de euros).

• Sector industrial

O sector industrial no seu conxunto (incluída a actividade extractiva e a enerxía), rexistrou no último ano un crecemento do 3,8%, seis décimas máis respecto á taxa de variación interanual rexistrada no ano anterior. Este incremento non é homoxéneo en todas as ramas de actividade tendo en conta que a industria manufacturera presentou unha notable ralentización no conxunto do ano 2018, cunha medra do 2,8%, máis de dous puntos inferior á taxa do ano anterior (4,9%). No período 2014-2017 a medra media foi de case o 5%.

O CES insta á Xunta de Galicia a reforzar os esforzos para implementar as medidas acordadas no “Pacto por unha alianza no sector industrial galego”, dado que considera que seguen aínda vixentes moitas das necesidades detectadas no mesmo.

O CES destaca a excesiva polarización da actividade económica galega, polo que demanda unha política industrial que impulse unha maior diversificación produtiva.

En termos nominais, o valor engadido bruto xerado no ano 2018 polas ramas industriais ascendeu ata os 11.633,5 millóns de euros (5,1% máis que en 2017), o que representa o 6% do total estatal segundo os datos da Contabilidade Rexional do INE. Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a sexta comunidade autónoma con maior peso tras Cataluña, Madrid, C. Valenciana, País Vasco e Andalucía. A importancia do sector industrial reflíctese en que achega, segundo a CRE, o 18,5% do PIB total a prezos de mercado da economía galega (18,3% no ano anterior), e representa o 14,2% no caso da industria manufacturera (14,1% en 2017). Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado tanto para o sector industrial (incluída a enerxía), que representa o 16% do PIB, como no caso da industria manufacturera, que en España supón o 12,6% do PIB a prezos correntes.

O índice de produción industrial (IPI), que permite observar a evolución da actividade produtiva a curto prazo, presenta no ano 2018 unha medra media anual do 4,9%, unha variación moi superior á rexistrada no conxunto do Estado (0,7%), senón tamén máis acusada que a taxa de variación interanual do ano anterior, que se situou no 1,8% (2% en España). Así mesmo, o IPI correspondente ao conxunto das ramas da industria manufacturera galega presenta no último ano unha medra do 3,4% respecto ao ano anterior (1,5% en España). As actividades que presentan o mellor comportamento corresponden á fabricación doutro material de transporte (neste apartado inclúese o sector naval), cun 69,8%, e o fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor de aire acondicionado, cun 12,2%. No extremo oposto, cómpre resaltar as caídas do índice no caso da industria téxtil (17,7% respecto ao ano anterior) e da fabricación de mobles (15,8%).

Para o CES, é necesario apostar por unha política industrial innovadora, que potencie a colaboración e cooperación entre o sector público e o privado, que asegure a transferencia tecnolóxica e o desenvolvemento de novos produtos, industrias...

A economía dixital, a intelixencia artificial, a transición enerxética ou o a xestión do Big

Data son retos ós que deberá enfrontarse a nosa economía produtiva. Neste senso, o CES considera fundamental a participación dos sectores nos procesos de deseño das políticas públicas que deberán servir para crear un entorno que facilite ás empresas a adaptación a estes cambios.

Outra variable que permite observar a evolución do sector industrial son as vendas da produción da industria manufactureira galega, que aumentaron no ano 2017 (último dispoñible) un 10,8% respecto do ano anterior, acadando un valor de 28.731,7 millóns de euros, o 6,9% do total estatal. As agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia son as actividades de alimentación, bebidas e tabaco (24,5% do total) e material de transporte (22,6%).

Os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro de 2018 reflicten que por cuarto ano consecutivo as actividades industriais presentan no seu conxunto unha medra da ocupación. O sector industrial en Galicia tiña no último ano un total de 144.364 afiliacións, 4.168 máis que na mesma data do ano anterior, destacando pola súa importancia cuantitativa os aumentos rexistrados nos subsectores da fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (829 afiliacións); da fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento (679 afiliacións); na industria da alimentación (670 afiliacións máis); e no das ramas de reparación e instalación de maquinaria e equipamento (552 afiliacións máis). Por contra, a confección de roupa de vestir é a única rama manufacturera que rexistra unha caída das afiliacións, con 90 afiliacións menos.

A EPA estima que no último ano hai un total de 169.000 persoas ocupadas no sector industrial, 2.200 persoas menos que no ano anterior, sendo esta caída de 300 persoas no caso da industria manufactureira (154.300 persoas empregadas). A pesar do devandito descenso da ocupación na industria manufactureira cómpre resaltar que dúas ramas de actividade presentan unha medra da poboación ocupada: a metalurxia e produtos metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria (6.800

persoas ocupadas máis) e as actividades de fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais (1.700 persoas). Por contra, as perdas de ocupación máis acusadas prodúcense no sector da alimentación e a industria de madeira e papel, con 2.500 e 1.600 persoas ocupadas menos respecto ao ano anterior.

No que se refire ao subsector enerxético, cómpre mencionar, dada a incidencia directa que o prezo da electricidade ten no desenvolvemento do sector industrial, que ao longo dos últimos anos, o prezo da electricidade por KWh consumido pagado en España polos consumidores industriais (consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh) mantense sempre por riba da media europea, situándose no segundo semestre do ano un 23% por riba da media comunitaria. No segundo semestre de 2018 o prezo que os consumidores industriais con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh pagan en España un 6,4% máis que no ano anterior, sendo esta medra do 4,8% no caso da media dos 28 países comunitarios (UE-28). Comparando os datos do segundo semestre de 2018 cos do 2008, fronte ao descenso dun 9,2% no conxunto da UE, en España o prezo da electricidade para estes consumidores industriais medra un 2,9%. Se a comparación se fai co primeiro semestre de 2014 o descenso en España foi do 11,8%, porcentaxe inferior á media da UE-28, que se situou en 13,1%.

Dada a situación de incerteza que xera a dependencia da poxa anual, o CES considera necesario implantar unha tarifa eléctrica industrial para grandes consumidores.

O CES entende que é necesario elaborar un modelo enerxético que sirva, entre outras cuestións, para reducir o diferencial do custo enerxético da nosa economía respecto aos países do entorno UE polas ineficiencias que produce, tanto para particulares como para a industria, e facer esta última máis competitiva.

A xeración neta de enerxía eléctrica acadou en 2018 os 31.307 GWh, o 12% do total estatal; correspondéndolle

o terceiro posto entre as comunidades cunha maior porcentaxe de xeración eléctrica, por detrás de Cataluña e Andalucía. En relación co tipo de xeración, o 33% da xeración neta total en Galicia procede do carbón, seguido do 27,2% da produción de enerxía hidráulica e do 26,7% da eólica. O forte incremento da xeración eléctrica procedente da hidráulica explica que o peso da xeración de electricidade procedente de fontes renovables aumenta en Galicia ata o 55,4% (40,5% no ano anterior).

A demanda de enerxía en Galicia é de 19.913 GWh, o 7,4% da enerxía inxectada na rede a nivel nacional, rexistrándose un saldo de intercambios excedentario de 11.160 GWh.

No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos na comunidade autónoma, Galicia volve a presentar un incremento demanda superior ao do conxunto de España. En 2018 a taxa de variación interanual foi do 2,7% en Galicia fronte ao 2,1% en España. Tras esta evolución, o consumo destes produtos ascende en Galicia a 2.561 miles de toneladas métricas, o que representa o 7% do total estatal.

O sector da automoción en Galicia ten gran importancia tanto en termos de VEB como de emprego, así como por todos os efectos positivos que se derivan da implantación dunha industria altamente tecnolóxica nun territorio.

O valor da produción do conxunto de empresas cuxa actividade principal é a fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (división 29 da CNAE 2009), que comprende a fabricación de vehículos de motor, así como as súas partes e pezas, ascendeu en Galicia no ano 2016 (último dispoñible) a 1.266,6 millóns de euros e xerou 16.372 postos de traballo. Esta rama de actividade representa o 17,2% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira no ano 2011 (21,1% no último ano da crise) e o 12% do emprego neste subsector (12,8% en 2013).

A importancia do sector da automoción pode valorarse tamén en base aos datos facilitados pola Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA). As 125 em-

presas que compoñen o clúster facturaron en 2018 un total de 8.650 millóns de euros, o que supón un lixeiro descenso respecto ao ano anterior (0,3%). No último ano estas empresas incrementaron o seu investimento un 10,2% respecto ao ano anterior no seu camiño da adaptación á industria avanzada.

No que atinxe á industria sector naval, a actividade contractual dos estaleiros galegos, no ano 2018 asináronse un total de 15 novos contratos, superando a Asturias e País Vasco, con cinco e tres, respectivamente (38 asinados en España). O arqueo bruto compensado (CGT) ascende ata os 141.811 CGT, un 91% máis que no ano anterior, o que mantén a Galicia como a Comunidade autónoma con maior arqueo (o 72% do total estatal).

Asemade, cómpre resaltar o carácter exportador da industria naval queda reflectida no feito de que dos 27 novos contratos na carteira de pedidos (55 en España), só catro se corresponden con clientes españois, e os restantes 23 son contratos con terceiros países, destacando en canto a número Arxentina con tres contratos e Groenlandia, Kuwait e Alxeria, con dous. Esta carteira de pedidos equivale a 251.880 CGT, o 56,2% do total estatal. Comparado co resto das CC.AA. Galicia sitúase como a C.A. con maior número de buques en carteira, por diante de Asturias e País Vasco (14 e 12, respectivamente), así como a que presenta maior arqueo por diante de País Vasco e Asturias, que acollen o 16,3% e 13,9% do arqueo total español, respectivamente.

No que á actividade produtiva do sector se refire, no último ano segue aumentando o índice de actividade ponderada, medido en toneladas de rexistro bruto comparado (CGT). En 2018 este indicador superou as 82.000 CGT, o que a sitúa como a Comunidade con maior actividade por diante de Andalucía (45.521 CGT) e o País Vasco (41.494 CGT). Con todo, se se compara esta situación coa existente ao comezo da crise, obsérvase un notable descenso do índice de actividade ponderada, ao pasar das 172.878 CGT de 2008 ata as 82.054 CGT no ano 2018 (o valor máis elevado dende 2010).

A recuperación do sector trasládase ao mercado de traballo, que a 31 de decembro de 2018 supera as seis mil

afiliacións (0,2% máis que no ano anterior; 14 afiliacións), a cifra máis elevada dende decembro de 2011. Este incremento débese á recuperación do sector na provincia de Pontevedra, onde as afiliacións medran un 3,8% (110 afiliacións máis), o que contrasta co descenso do 3,2% na Coruña (95 menos) e do 0,9% en Lugo (unha menos). As afiliacións na provincia de Pontevedra ascenden a 3.027, o 50,4% do total en Galicia, en tanto que na Coruña rexístranse 2.867 afiliacións (47,7%).

No que ao sector téxtil se refire (división 13 e 14 da CNAE 2009), tivo unha produción en Galicia no ano 2016 (último dispoñible) de 601,4 millóns de euros, dos que 554,5 corresponden á confección e prendas de vestir, acollendo un total de 13.266 postos de traballo. Esta rama de actividade representa o 8,2% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira no ano 2016 e o 9,7% do emprego neste subsector. A 31 de decembro de 2018 as afiliacións á Seguridade Social ascenderon a 10.783 persoas (9.157 no caso da confección e roupa de vestir), o que supón o 8,5% das afiliación da industria manufactureira.

As contas anuais reflicten que a produción da industria de alimentación (división 10 da CNAE 2009) ascendeu no ano 2016 (último dispoñible) a 1.185,8 millóns de euros, dos que 477,1 corresponden ao procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (40,2%), acollendo un total de 29.357 postos de traballo. Esta rama de actividade representa o 16,1% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira no ano 2016 e o 21,5% do emprego neste subsector. A 31 de decembro de 2018 as afiliacións á Seguridade Social ascenderon a 29.668 persoas, o que supón o 23,5% das afiliacións da industria manufactureira.

Finalmente, no que á industria da madeira e fabricación de mobles se refire (ramas 16 e 31 da CNAE 2009), as contas económicas reflicten que o veb xerado por esta rama de actividade ascendeu en 2016 ata os 620,6 millóns de euros, dos que 418,6 corresponden á industria da madeira (67,2%), acollendo un total de 13.104 postos de traballo (8.133 na industria da madeira). Esta rama de actividade representa o 8,4% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira no ano

2016 e o 9,6% do emprego neste subsector. A 31 de decembro de 2018 as afiliacións á Seguridade Social nas devanditas ramas de actividade ascenderon a 12.696 persoas, o que supón o 10,1% das afiliacións da industria manufactureira.

• Sector da construción

O valor engadido bruto xerado polo sector da construción mantén unha taxa de variación interanual superior ao 6%, situándose en 2018 no 6,1% fronte ao 6,7% do ano anterior (termos reais).

Comparado co total estatal, a Contabilidade Rexional do INE indica que o VEB xerado polo sector, tras unha medra do 10%, ascende a 4.349,9 millóns de euros, o que supón manter o seu peso relativo no total estatal no 6,1%. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa da construción no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (6,9% en Galicia e 5,9% de media en España).

O CES insta aos poderes públicos a que promovan a rehabilitación e mellora das vivendas familiares de uso residencial que non cumpran os requisitos mínimos de habitabilidade, calidade e eficiencia esixibles (carenxia de instalacións para subministracións básicas, barreiras arquitectónicas, falta de eficiencia enerxética...). Contribuirase, ademais, a darlle un maior uso residencial ao parque de vivendas baleiras.

No que á ocupación se refire, as contas económicas reflicten unha medra do 4,5% do total de postos de traballo equivalente a tempo completo, que se sitúa en 72.537, o 7,2% do total galego. Doutra banda, a ocupación estimada pola EPA reflicte un incremento do 1% en relación ao ano precedente, acadando as 67.300 persoas (700 ocupados máis). Comparado co conxunto do mercado de traballo galego, o peso relativo da poboación ocupada estimada pola EPA representa o 6,2% do total.

Se consideramos os visados de obra nova como un in-

dicador adiantado da actividade do sector da construción, fronte ao incremento do 2% no número de visados, a superficie total a construír o fixo nun 28%, porcentaxe significativamente superior á rexistrada no ano anterior (19,5%). Esta diferenza explícase pola medra da superficie destinada a bloques de vivendas familiares de uso residencial.

En canto á licitación de obra pública, o ano 2018 caracterizouse por un incremento do 79,4% do seu importe total, situándose esta porcentaxe no 30% no conxunto do Estado. En termos nominais, a licitación pública acadou os 1.067 millóns de euros, en torno a 472 millóns máis que no ano 2017.

Por tipo de administración, os tres niveis administrativos presentan incrementos nas contías licitadas. A licitación pública da Administración xeral do Estado en Galicia aumenta un 79% fronte ao 58,5% da licitación pública da Administración autonómica, e o 101,2% do valor da licitación pública da Administración local. Tras esta evolución, a Administración local, co 38%, é a administración con maior valor total da licitación pública, seguida pola Administración autonómica, co 31,5%. O 30,6% restante corresponde á licitación da Administración xeral do Estado. No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, aumenta de maneira significativa a licitación tanto en edificación como en obra civil, que se sitúa en 371 e 696 millóns de euros respectivamente (161 e 310 millóns máis que en 2017, respectivamente).

Outros indicadores que permiten analizar a evolución do sector da construción, son os indicadores de demanda no ámbito da vivenda, nos que destaca o relacionado co número de hipotecas constituídas así como os datos de compravendas de vivendas. Ao igual que no ano anterior, en Galicia aumenta o número de hipotecas constituídas (4,1%) se ben descende o seu importe medio (5,7%, respectivamente). En ambos os dous casos, Galicia presenta un peor comportamento que no conxunto do Estado onde as hipotecas medran un 10,8% e o importe medio un 1,1%. Por outra banda, increméntanse novamente as compravendas de vivendas, un 12% en Galicia, un ritmo superior ao acontecido no conxunto do Estado (10%).

Finalmente, cómpre destacar que o valor medio do índice de prezos da vivenda no ano 2018 aumenta tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Mentres que en España o índice de prezos da vivenda aumenta un 6,7% en relación co ano anterior para situarse en 118,6 puntos (2015=100), en Galicia o incremento é do 3,8%, e o seu valor medio sitúase en 107,7 puntos.

• Sector servizos

As contas económicas trimestrais do IGE reflicten que o VEB xerado polo sector servizos aumentou no ano 2018 un 2,5% en termos reais, seis décimas menos que no ano anterior, impulsado en boa medida polo comportamento das actividades de comercio, transporte e hostalaría, que presentan un incremento do 3,4%, 1,7 puntos porcentuais menos que en 2017. En termos nominais, os datos da CRE do INE indican que o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 37.888,7 millóns de euros, o 60,3% do PIB galego, 5,6 puntos inferior ao do conxunto do Estado (65,9%).

A mellora da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego. O traballo equivalente a tempo completo no sector servizos medra en Galicia un 2,1% no último ano (oito décimas máis que no ano anterior), sendo as “actividades inmobiliarias” e as “actividades profesionais” as que presentan as taxas de crecemento máis acusadas, cun 7,8% e 3,4%, respectivamente.

Tras unha medra do 4,5%, a EPA estima que no ano 2018 están ocupados no sector servizos un total de 773.300 persoas (33.600 máis que no ano anterior), o que representa o 71,8% do emprego en Galicia, sendo especialmente importante a ocupación feminina. No último ano o 85% das mulleres ocupadas en Galicia traballan no sector servizos sendo esta porcentaxe do 60% entre os homes. Por ramas de actividade salienta o subsector do comercio e reparación de vehículos de motor, con 180.200 persoas, o 23,3% do emprego no sector, e o das actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, con 146.200 persoas (18,9%).

Atendendo á evolución do emprego respecto ao ano anterior, fronte a un incremento superior ás sete mil

persoas nas actividades sanitarias e de servizos sociais (7.300 persoas ocupadas máis) e de 6.300 persoas nas de comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas, salienta o descenso no emprego en 3.700 persoas no ámbito da educación, en 2.300 ocupados no “resto de servizos” (CNAE 90-99).

O crecemento no gasto en consumo final nos dous últimos anos favorece o crecemento da actividade comercial en Galicia. A cifra de negocios da rama de comercio aumentou un 5,5% (8,8% no ano anterior), como resultado do bo comportamento das vendas e reparacións de vehículos de motor, que medran un 8,5%; e das vendas no comercio por xunto e intermediarios do comercio, con avances do 6,5%. As vendas do comercio ao retallo, agás vehículos de motor e motocicletas medran un 2,4%, e do crecemento do comercio ao retallo.

O CES insta os poderes públicos a deseñar medidas que potencien o comercio de proximidade. Tamén considera que cómpre afrontar retos como adaptarse á era dixital e á diversidade dos perfís de consumo.

Finalmente cómpre salientar que se mantén a tendencia de anos anteriores, en canto ao descenso no número de establecementos. O número de establecementos de comercio ao retallo o 1 de xaneiro de 2018 descendía en Galicia ata os 36.289, o que supón unha redución de 635 establecementos en relación á mesma data do ano anterior. O número de empresas de comercio ao retallo existentes en 2018 cae ata as 28.820 empresas, 547 menos que ano anterior. Nos últimos dez anos perdéronse case seis mil empresas de comercio polo miúdo, agás vehículos de motor e motocicletas, rexistrándose o descenso máis pronunciado na categoría de comercio ao retallo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados (1.992 empresas menos), seguido polo comercio ao retallo doutros artigos en establecementos especializados (1.417 empresas menos).

O bo comportamento do subsector comercio debe vir acompañado, en opinión do CES, de medidas de apoio que teñan en conta as necesidades e o tamaño das empresas deste subsector, e que consoliden este crecemento tendo en conta a caída que se ven producindo no número de empresas e establecementos de comercio ao retallo nos últimos anos.

No concernente ao subsector turístico, o número de viaxeiros en establecementos hoteleiros redúcese en 2018 por primeira vez dende o ano 2012, aumentando os días que permanecen no noso territorio. Estes ascenderon a case 4,2 millóns de persoas, un 7,4% menos que no ano anterior, o que representa o 4% do turismo nacional total. Ao contrario do acontecido no conxunto do Estado (aumenta o número de viaxeiros), o devandito descenso dos viaxeiros rexístrase tanto no caso dos residentes en España como nos non residentes (-5,1% e -13,1%, respectivamente). Tras esta evolución, o 72,9% dos viaxeiros rexistrados nos establecementos hoteleiros galegos son residentes en España, sendo esta porcentaxe do 48,6% no conxunto do Estado.

O CES considera necesario o fomento por parte das administracións públicas de políticas que favorezan a desestacionalización e a profesionalidade do sector turístico, o que repercutiría nun maior valor engadido e na xeración de emprego de calidade, potenciando os elementos diferenciadores de Galicia que permitan un turismo máis sostible.

Asociado ao descenso de viaxeiros, no ano 2018 prodúcese en Galicia unha redución paralela nas pernoitas en establecementos hoteleiros. Ao longo do último ano, as pernoitas rexistradas en establecementos hoteleiros experimentaron en Galicia unha caída do 4,2% respecto aos datos do ano precedente (1,4% no conxunto do Estado), acadando os 8,4 millóns. O maior descenso do número de viaxeiros que de pernoitas explica a mellora da estadía media nos establecementos

hoteleiros galegos, que se sitúa en 2,03 días (3,23 días no conxunto do Estado).

Así mesmo, o índice de prezos hoteleiros presenta por cuarto ano consecutivo unha taxa de variación interanual positiva, aumentando no ano 2018 un 1,3%, un punto e sete décimas inferior á do ano precedente. O incremento de ocupación e de prezos favorecen unha mellora da rendibilidade das actividades hoteleiras, que se observa tanto no incremento da tarifa media diaria, como dos ingresos medios por habitación dispoñible (2,3% e 2,8%, respectivamente).

O abano de posibilidades de turismo extrahoteleiro amplíase cara outras opcións como poden ser as vivendas de uso turístico ou o turismo rural. Dunha banda, a evolución do turismo rural nos últimos anos segue sendo positiva atendendo ao número de viaxeiros, se ben este incremento é inferior ao rexistrado no ano anterior. Pola contra, neste último ano prodúcese un descenso do número de pernoitas. Doutra banda, segundo os datos facilitados por Turismo de Galicia, a 15 de maio de 2018 Galicia contaba con 5.596 vivendas de uso turístico, que representan o 60,1% dos aloxamentos turísticos e concentran o 17,7% das prazas (30.365 prazas). Territorialmente existe unha elevada concentración nas provincias de Pontevedra (45,8% das prazas) e da Coruña (31,9%), e máis concretamente na ría de Arousa, que concentra o 33,6% das prazas, así como na Costa da Morte e Ría e Terras de Pontevedra, cun 12,3% e 11,6%, respectivamente.

No concernente ás peregrinacións a Santiago de Compostela, o número de peregrinos ascendeu no último ano a 327.378 persoas, 26.342 persoas máis que no ano anterior. O 56% das persoas que chegaron a Santiago son de nacionalidade estranxeira, destacando italianos, alemáns e estadounidenses. Entre as persoas de nacionalidade española, andaluces, madrileños e valencianos son os máis numerosos. Asemade, entre os distintos camiños de Santiago, o 56,9% percorreron o camiño francés e case un 21% o camiño portugués. Cómpre salientar o incremento experimentado no camiño portugués e no camiño portugués da costa, con 8.587 e 7.211 peregrinos máis.

No que respecta á evolución das actividades incluídas no subsector do transporte, a utilización dos diferentes servizos de transporte está condicionada pola evolución da actividade económica en xeral e polas infraestruturas existentes para a provisión do servizo. Por isto a estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

O movemento de mercadorías transportadas por estrada en Galicia rexistra no último ano un descenso do 2,8% do volume total respecto ao ano anterior, acadando as 106,1 millóns de toneladas.

O CES considera necesario avanzar na intermodalidade do transporte, tanto de pasaxeiros como de mercadorías.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo que move aproximadamente a cuarta parte do total de mercadorías transportadas en Galicia (25,9%). Tras unha medra do 2,1% en relación ao ano anterior, os portos de interese xeral moveron un total de 37.628,5 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal). Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos rexistran novamente incrementos no movemento de mercadorías, salientando o comportamento das Autoridades portuarias de A Coruña e Vilagarcía, cunha medra do 3,3% e 2,6%, respectivamente. Cómpre mencionar que agás a A.P de A Coruña, os portos de interese xeral galegos presentan medras inferiores á media española (3,3%).

De acordo coas cifras ofrecidas polo Ministerio de Fomento, o tráfico ferroviario de mercadorías en Galicia foi de 2,3 millóns de toneladas, o que representa o 12,9% do total do Estado, concentrando a provincia da Coruña case o 60% do movemento de mercadorías.

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado ao longo de 2018 no sistema aeroportuario galego aumenta significativamente res-

pecto ao ano anterior, acadando un total de 4.244,2 toneladas transportadas (17,2% máis que en 2017). Con todo, a pesar deste incremento, supón tan só o 0,4% do total estatal.

Finalmente, no concernente á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, o conxunto do sistema aeroportuario galego superou en 2018 os cinco millóns de pasaxeiros. Ao igual que no ano anterior, experimentouse un incremento porcentual inferior ao do total dos aeroportos españois tanto no caso do número total de operacións (3,7% e 5,8%, respectivamente) como do número de pasaxeiros (4,7% e 5,8%). O aeroporto internacional máis próximo xeograficamente a Galicia, e competencia directa co sistema aeroportuario galego, é o aeroporto de Porto, que en 2018 moveu un total de 11,9 millóns de pasaxeiros, un 10,2% máis que no ano anterior.

No que respecta ao transporte marítimo, o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral aumentou no caso dos cruceiros nun 2,8% para situarse nas 356.106 persoas no ano 2018, o 3,5% do total estatal. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, cómpre resaltar o forte descenso experimentado en Vigo (24,7% menos), o que explica a caída do 22,1% en Galicia.

O transporte de pasaxeiros en ferrocarril medra un 2,7% en relación co ano anterior. Así, o número de persoas que soben ao tren nas estacións galegas ascende en 2017 ata os 4,7 millóns, o que representa o 7% do total estatal. O número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 3%, e acada preto dos catro millóns de persoas, mentres que os de longa distancia o fan nun 1%, acadando case 700.000 pasaxeiros.

Ao longo do ano 2018 continúa o proceso de reestruturación do sistema financeiro, rexistrándose unha redución do número de oficinas das entidades de crédito. Neste último ano hai en Galicia un total de 1.500 oficinas de entidades de crédito, 62 menos que as rexistradas en 2017, experimentándose unha caída do 40,1% nos últimos dez anos (43% en España). No eido do emprego, a 31 de decembro de 2018 as afiliacións no sector financeiro (CNAE 64) ascende a 9.600, cifra lixeiramente superior á do ano anterior (9.512 afiliacións) e case cinco mil menos que en 2009 (14.370 afiliacións).

cións) e case cinco mil menos que en 2009 (14.370 afiliacións).

O devandito descenso prodúcese nas catro provincias galegas e en gran parte dos concellos galegos. No ano 2018 hai en Galicia 41 concellos que non contan con ningunha oficina (24 en 2008) e outros 93 que tan só dispoñen dunha sucursal (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 25 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 42 so teñen unha (10 e 18, respectivamente).

Ante o peche de oficinas bancarias, especialmente nas zonas rurais, o CES considera que esta tendencia pode agravar a despoboación e abandono das zonas, polo que insta aos poderes públicos a tomar medidas neste senso.

En relación ao número de habitantes, Galicia conta no último ano con 5,6 oficinas de entidades de crédito por cada 10.000 habitantes, cando no ano 2008 esta relación situábase en 9,1 entidades. A provincia de Pontevedra mantense como a que presenta unha menor proporción, con 4,9 oficinas por cada 10.000 habitantes (8,7 oficinas en 2008), situándose no extremo oposto Lugo, con 7,1 oficinas (9,5 oficinas en 2008). Asemade, cómpre mencionar que o maior descenso rexístrase en Ourense, ao pasar de 11,2 oficinas a 6,3 oficinas por cada dez mil habitantes entre os dous anos considerados. Na provincia da Coruña hai un total de 5,4 oficinas fronte ás 8,7 oficinas do ano 2008.

Por último, o volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 4,4%, fronte ao incremento dun 1,6% no conxunto do Estado. O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende no último ano a 60.794,4 millóns de euros, o 5,2% do total estatal.

• Demografía empresarial

A análise da demografía empresarial presenta un aumento do número de empresas con traballadores ins-

critos na Seguridade Social, o que contrasta co descenso do número de sociedades constituídas. Asemade, o número de sociedades extinguidas aumenta lixeiramente por primeira vez dende 2014. O 31 de decembro de 2018 o número de empresas con traballadores inscritas na S.S. en Galicia ascende a 82.878, tan só 605 máis que na mesma data do ano anterior. Ao igual que acontecía nos últimos anos, España presenta un mellor comportamento, ao rexistrar en 2018 un incremento interanual do 1,5% no número de empresas fronte aos 0,7% en Galicia. Dende o comezo da recuperación económica a taxa de variación media anual acumulada en Galicia foi do 0,7%, case un punto porcentual menos que en España (1,6%). O peso relativo das empresas galegas no total estatal sitúase no último ano no 6,1%.

A Coruña e Pontevedra son as provincias con maiores incrementos tanto a nivel absoluto como relativo, manténdose practicamente en Lugo. Tan só Ourense, ao igual que no ano anterior, presenta unha redución do número de empresas inscritas. En 2018, A Coruña e Pontevedra concentran o 78,3% das empresas inscritas en Galicia na Seguridade Social.

O CES considera necesario incrementar os esforzos na coordinación entre a Administración Autonómica de Galicia e a Administración Central e do resto das Autonomías a fin de, por unha banda, resolver ou harmonizar a fragmentación normativa existente que incide directamente en detrimento da competitividade de tecido produtivo galego e, por outra, acadar maiores niveis de eficiencia no gasto público.

O CES insta a reforzar os esforzos que permitan eliminar a carga burocrática e a excesiva regulación que inciden negativamente no correcto desenvolvemento e crecemento das empresas que conforman o tecido produtivo galego.

A nivel sectorial, a evolución é dispar, xa que fronte aos incrementos no sector servizos (293 empresas máis;

0,5%), na construción (168 empresas; 2,1%) e no sector primario (156 empresas; 2,8%); rexístrase unha lixeira caída na industria (12 empresas menos; -0,2%). Tras esta evolución, o 74% das empresas pertencen ao sector servizos fronte ao 9,9% na construción, sendo esta porcentaxe do 8,8% e 7% na industria e no sector primario, respectivamente.

O 31 de decembro de 2018 había en Galicia 220.846 traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social, dos que 138.378 persoas son “autónomos propiamente ditos”, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores. En 2018 descende o número de autónomos propiamente ditos en Galicia un 0,8%, o que contrasta co incremento do 1,6% no conxunto do Estado. Deste xeito, o peso relativo no Estado redúcese ata o 6,9%, dúas décimas menos que no pasado exercicio.

O perfil maioritario do empresariado autónomo en Galicia mantense estable nos últimos anos. Este sería o dunha persoa que traballa no sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

O CES considera que deben facilitarse as oportunidades de negocio, promovendo a innovación e xerando as condicións óptimas para a consolidación dos proxectos a través de incentivos e apoios ás estratexias das empresas, principalmente das pemes, que persigan a innovación dos produtos, dos procesos e da organización como vía fundamental para incrementar os niveis de produtividade.

No que respecta ao dinamismo empresarial, medido a través da evolución das sociedades mercantís constituídas e en extinción, no ano 2018 constituíronse en Galicia un total de 4.077 sociedades mercantís en tanto

que se extinguiron 1.456. En termos de taxa de variación anual, o número de sociedades creadas é un 1,5% inferior ao ano anterior, e as sociedades en extinción aumentan un 0,8%.

A constitución de sociedades mercantís incrementábase a nivel estatal un 1,2%, de xeito que o peso relativo das empresas creadas en Galicia redúcese nunha décima ata o 4,2%. O descenso do número de sociedades mercantís constituídas foi acompañado dunha redución do capital subscrito para a súa constitución nun 13,6% respecto ao ano anterior, acadando os 275 millóns de euros. Deste xeito, o capital medio subscrito cae un 12,3%, pasando de 76.810 euros no ano 2017 a 67.384 euros en 2018 (55.225 euros no conxunto do Estado).

Se se considera a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último ano 15,1 sociedades por cada dez mil habitantes fronte ás 20,6 sociedades en España.

No que se refire á extinción de sociedades, no último exercicio extinguíronse en Galicia un total de 1.456 sociedades mercantís, doce máis que no ano anterior (0,8%). En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación) volve a incrementarse no último ano para situarse en 35,7 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas, sendo esta relación doce puntos por riba da media española, que ascende ata as 23,5 empresas disoltas por cada cen constituídas. Cómpre mencionar que esta relación mantense sempre por riba da media española.

Xunto á lixeira medra do número de empresas extinguidas, no último ano continúa o descenso do número de empresas en concurso de acredores. En 2018, as empresas en concurso de acredores descende en Galicia ata as 189, 48 menos que no ano anterior (-20,3%), sendo esta caída moito máis acusada que no conxunto do Estado (-3,1%).

Finalmente, cómpre salientar a evolución positiva no número de empresas rexistradas no Dirce. A 1 de xaneiro de 2018 Galicia conta con 200.801 empresas

(1.878 máis que na mesma data do ano anterior), o que significa o 6% do total estatal. Esta evolución explícase en grande medida pola evolución do sector servizos, onde todas as ramas de actividade, agás o comercio, e en menor medida, as actividades administrativas e servizos auxiliares e actividades artísticas, recreativas e de entretemento, presentan un maior número de empresas rexistradas. Asemade, experimentábase un notable aumento no sector industrial, en especial no número de industrias manufactureiras, así como no caso da construción. O minifundismo empresarial galego, obsérvase en que o 54% (108.380) non teñen asalariados, e un 42,2% (84.789 empresas), teñen entre un e nove traballadores.

• Comercio exterior

O crecemento da actividade económica de Galicia caracterízase, segundo os datos das Contas Económicas, pola achega negativa da demanda externa ao crecemento agregado do PIB, feito que non acontecía dende 2006. No último ano, o sector exterior detrae unha décima ao crecemento do PIB, sendo esta redución de catro décimas no conxunto do Estado.

As vendas galegas dirixidas tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países ascenden a 33.879,4 millóns de euros, en tanto que as importacións acadan os 31.613 millóns. Así, o saldo positivo da balanza comercial acada os 2.266,4 millóns de euros, o que supón unha caída do 6,4% respecto ao ano anterior. A taxa de cobertura galega, entendida como o cociente entre exportacións e importacións, sitúase en 107,2%, un punto menos que no ano precedente, en tanto que a taxa de apertura, que mide a relación da actividade comercial total co PIB, foi do 102,2%, dous puntos por riba do estimado para 2017.

No concernente ás relacións comerciais con terceiros países ao longo do ano 2018, a actividade comercial medra en Galicia un 7,4% no último exercicio como resultado tanto do incremento das exportacións (4,9%) como das importacións (10,6%). O volume total das compras e vendas galegas no exterior en 2018 acadou os 41.879,4 millóns de euros, 1.211 millóns máis que no ano anterior. O grado de apertura da economía ga-

lega a terceiros países ascendeu ata o 65,5%, o que supón o valor máis elevado dende o comezo da serie estatística (1995).

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, este comportamento ven explicado en gran medida pola medra de 984,8 millóns de euros experimentada no sector enerxético (23,6%), así como do sector do automóbil e de bens de equipamento, con incrementos en torno ao 8% (681,1 e 351,1 millóns respectivamente).

O saldo positivo da balanza comercial galega redúcese no último ano un 16,6% para situarse nos 3.835,5 millóns de euros (763,2 millóns menos). Este saldo comercial representa o 6% do PIB no ano 2018, punto e medio menos que o rexistrado no ano anterior. Este saldo comercial empeora nas catro provincias galegas, acadando un saldo negativo tanto en Pontevedra como en Lugo (328,5 e 59,8 millóns de euros), que se ve compensado fundamentalmente polo superávit na Coruña (3.896,5 millóns) e en menor medida, en Ourense (327,2 millóns de euros).

Esta evolución do saldo comercial na provincia da Coruña explícase fundamentalmente polo redución do 1% no valor da exportacións das manufacturas de consumo, principal capítulo exportador que supón o 54,2% do total de exportacións da provincia, así como do incremento do 25,4% no valor das importacións de produtos enerxéticos, sendo este tamén o principal capítulo importador na provincia, acoollendo o 41% do valor total das importacións provinciais. No caso da provincia de Pontevedra, 2018 presenta un déficit na súa balanza comercial, motivado, entre outros aspectos, polo aumento do déficit comercial no sector do automóbil, o incremento rexistrado no caso da alimentación e das manufacturas de consumo (têxtil e calzado, nomeadamente), así como o saldo negativo que no último ano presenta o sector das semimanufacturas. O subsector da pesca mantén nesta provincia un elevado déficit comercial, se ben é inferior ao do ano anterior.

O CES chama a atención sobre a necesidade de manter un crecemento equilibrado aumentando o peso das exportacións a través da mellora da nosa competitividade en sectores onde existe unha vantaxe competitiva e polo tanto un mellor posicionamento no exterior.

O valor total das importacións galegas de terceiros países medrou no último ano ata os 19.022 millóns de euros (1.822,3 millóns superior ao rexistrado en 2017), o que representa o 6% do valor total das importacións españolas. O devandito incremento do 10,6% das importacións galegas prodúcese nas catro provincias galegas así como nos grandes sectores económicos considerados. Dunha banda, A Coruña e Pontevedra presentan os maiores incrementos en termos absolutos (888,2 e 833,6 millóns de euros máis, respectivamente), concentrando o 41,1% e 52,1% do valor total das compras exteriores, respectivamente.

Doutra, os dous sectores máis importantes en termos monetarios seguen a ser os da automoción e o correspondente aos alimentos. O sector do automóbil, tras unha medra interanual do 7,7%, sitúase como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 5.135,1 millóns de euros, que significa o 27% das importacións galegas e o 12,8% das importacións estatais deste sector. A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que tras unha medra do 3,4%, concentra o 19,2 % do valor total das importacións galegas (3.656,1 millóns de euros) e o 10,4% das importacións españolas do sector de alimentación. Asemade, cómpre mencionar que o sector enerxético, influenciado polo incremento do prezo do petróleo, volve a experimentar unha medra considerable no valor das súas compras exteriores (24,7%), acadando os 3.260,1 millóns de euros, o que supón o 6,8% do total estatal.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea, de xeito que o 53,8% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (10.242 millóns de euros), sendo Francia o principal subministrador de Galicia, con 5.107,7 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.846,6 millóns. En relación ao ano anterior

cómpre resaltar a redución da devandita concentración xa que a UE-28 concentraba en 2017 o 56,5%, e Francia e Portugal o 38,7%, máis de dous puntos por riba do acadado en 2018 (36,5%).

As exportacións de produtos galegos a terceiros países volve a presentar un comportamento positivo, cun incremento do 4,9%. O importe total das exportacións ascende a 22.857,4 millóns de euros, o que representa o 8% das exportacións españolas, unha décima por riba do peso relativo no ano precedente. A diferenza do acontecido no caso das importacións, este incremento prodúcese en todas as provincias galegas agás en Lugo. Cómpre resaltar o comportamento da provincia da Coruña, onde tras unha medra do 5,6%, consolídase como a provincia galega con maior valor das exportacións con 11.714,6 millóns de euros, por diante de Pontevedra con 9.590,8 millóns, un 4,1% máis que no ano anterior. Tras esta evolución, ambas as dúas provincias mantéñense como a cuarta e a oitava provincia española en canto ao importe das exportacións.

O grupo de manufacturas de consumo é o máis importante tanto en termos de valor como en relación coa súa importancia relativa no conxunto do Estado dado o peso do sector téxtil-confección. As exportacións destes produtos descendieron lixeiramente en 2018 (0,4%) para situarse nos 6.679,5 millóns de euros, o 29,2% das vendas exteriores de Galicia, o que representa o 23,5% das exportacións españolas deste sector. Séguelle en importancia, no que en termos monetarios se refire, o sector do automóbil, cunhas vendas de case 3.892 millóns de euros (un 8,7% máis que no ano precedente), o que supón o 17% das exportacións galegas e o 8,7% das exportacións españolas do sector.

O incremento máis importante tanto en termos relativos como absolutos corresponde novamente aos produtos enerxéticos, con 338,5 millóns de euros máis (21,7%), situándose en segundo lugar o automóbil, cunha medra de 312,7 millóns de euros. Por contra, descende lixeiramente o valor das vendas no caso do conxunto de bens de consumo duradeiro e das manufacturas de consumo (32,7 e 25,1 millóns de euros).

No último ano mantense a concentración das exporta-

cións no mercado comunitario, que representa o 78% das vendas galegas (17.864,9 millóns de euros), sendo Francia o principal destino das vendas de Galicia (18,9% do total) por diante de Portugal e Italia (13,7% e 9,8%). Un último aspecto que hai que considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a base exportadora. O número de empresas que venderon os seus produtos fóra de España ascende no ano 2018 a 7.259, o que supón unha medra de 545 empresas respecto ao ano anterior. O sector con maior número de empresas exportadoras é o de bens de equipamentos, con 2.095 empresas (28,9%), por diante das semimanufacturas, con 1.490 empresas (20,5%), e a industria de alimentación e manufacturas de consumo, con 1.384 e 1.277 empresas, respectivamente (19,1% e 17,6%, respectivamente).

Tendo en conta que no conxunto do Estado as empresas exportadoras medraron un 26,5% fronte ao 8,1% en Galicia, a cota exportadora galega no total estatal redúcese ata o 3,5%, seis décimas menos que no ano anterior (4,8% ao comezo da crise). Nembargante, cómpre destacar a importancia relativa do sector de alimentación, que acolle o 8,2% das empresas exportadoras do sector en España, e de maneira especial, a pesca, que concentra o 29% do total estatal. Asemade, no ámbito do sector da alimentación salienta o peso relativo das empresas exportadoras cárnicas, que supoñen o 11,5%, e o sector de bebidas, co 10%.

O CES considera que se debe avanzar no obxectivo de facer de Galicia un territorio atractivo para a xeración de riqueza e a captación de novos investimentos.

Por último, o volume de investimento estranxeiro en Galicia descende en 2018 tras dous anos de crecemento. Tras unha caída do 88,5%, este investimento acada os 65,5 millóns de euros, o que representa o 0,1% do investimento no conxunto do Estado. O principal país investidor en Galicia no último ano foi os Países Baixos, con 14,6 millóns de euros (o 22,3% do total), seguido polo Reino Unido, con 12,6 millóns de euros (19,2%), e Italia, con 12,3 millóns (18,8%). Estes tres países concentran o 60,5% do investimento bruto en Galicia.

Doutra banda, o investimento galego no exterior experimentou un descenso do 16,6% no último ano, acadando un importe total de 982,1 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro. A pesar desta evolución, o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 3,7% (1,5% no ano anterior), o peso máis elevado dende o comezo da crise. 

4.

Calidade de vida e benestar social

• Saúde

O crédito establecido nos orzamentos iniciais da Xunta para 2018 para sanidade é de 3.782,3 millóns de euros, un 3,2% superior ao orzamento do ano anterior, incremento inferior ao estimado do PIB para ese ano. Coa recuperación económica iniciada en 2014 ráchase a tendencia descendente dos recursos dedicados á sanidade como consecuencia da crise económica, aumentando o volume de recursos destinados á mesma, aínda que se seguen rexistrando importantes diferenzas acumuladas en relación aos anos de maior gasto.

Na clasificación dos bens públicos de carácter social a sanidade acolle o 58,9% dos créditos totais. Entre os distintos programas cómpre salientar aqueles dirixidos á Atención especializada e primaria, (412A e 412B), que representan en torno a 3.800 millóns de euros para o ano 2019, o 95,3% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

O CES valora positivamente a senda de recuperación dos recursos destinados á sanidade, aínda que considera que se debe mellorar na distribución dos mesmos, sobre todo no concernente á atención primaria.

Ademais do gasto, a estrutura e a evolución demográfica dun territorio condicionan tamén as necesidades sanitarias do mesmo. En Galicia, o 24,9% da poboación a 1 de xaneiro de 2018 tiña 65 anos ou máis, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 19,1%.

Galicia presenta uns índices de vellez, envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia moi elevados, superiores á media estatal. O envellecemento da poboación ten implicacións directas nos sistemas de protección sanitaria e social. Entre as causas do devandito índice de envellecemento están as derivadas da mellora das condicións de vida así como a baixa natalidade ou a saída do territorio de poboación en idade de ter fillos, circunstancias que limitan a renovación da poboación.

O incremento do saldo vexetativo negativo galego explícase polo descenso do 3,2% do número de nacementos, que en 2017 (último dato dispoñible) se sitúa en 18.445 nacementos, e unha medra do 0,6% dos falecementos, que ascenden a 31.962 falecementos. Galicia sitúase como a terceira comunidade autónoma coa taxa bruta de defuncións máis elevada, con 1.170 defuncións por cada 100.000 habitantes (907 no conxunto do Estado). Se se considera a taxa estandarizada, que se calcula como se todas as CC.AA. tiveran a mesma composición de idades, Galicia ocuparía unha posición intermedia, con 837,13 defuncións por cada cen mil defuncións, levemente por riba da media estatal (833,46 falecementos).

O CES quere facer fincapé na necesidade de impulsar políticas públicas de saúde e de servizos sociais que sexan capaces de dar cobertura á poboación envellecida e favorecer aqueles aspectos que inciden positivamente na natalidade tales como axudas por fillas e fillos, medidas de conciliación, emprego igualitario, educación de 0 a 3, etc.

Nunha sociedade cada vez máis envellecida e polo tanto cada vez máis dependente do sistema sanitario, o CES reclama aos poderes públicos un maior esforzo no mesmo, tanto en atención aos/ás pacientes como nos profesionais sanitarios.

Entre as principais causas de defunción están as enfermidades do sistema circulatorio que provocan o 30,3% das defuncións, seguidas dos tumores e das enfermidades do sistema respiratorio que causan o 27,2% e o 12,4% dos decesos respectivamente. Dentro das denominadas causas externas de morte, en Galicia destacan por número de decesos, as caídas accidentais con 397 defuncións por esa causa, o 13% do total estatal, e os suicidios e lesións autoinfrinxidas con 323 defuncións no ano 2017, último dispoñible, o 8,8% do total estatal.

A taxa de mortalidade infantil presentan en 2017 un descenso significativo, acadando as 2,22 defuncións

por cada mil nados vivos (3,15 defuncións no ano anterior). A diferenza do que acontecera nos dous anos anteriores, a taxa de mortalidade infantil en Galicia é inferior á media estatal (2,72 falecementos por cada mil nados vivos), situándose como a terceira coa menor taxa de mortalidade infantil, superada tan só por Navarra (2,09) e Cantabria (2,19).

Igualmente é importante destacar que a porcentaxe de poboación de 15 e máis anos que declara ter padecido problemas de saúde crónicos e que foron diagnosticado por un médico é superior en Galicia que no conxunto do Estado en todos os problemas considerados. Neste senso, Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma de maior porcentaxe de persoas que padecen hipertensión, colesterol alto e alerxia, e en segundo lugar tras Asturias no relativo ao dolor lumbar, artroses e saúde mental. Pola contra, fronte aos devanditos problemas crónicos máis frecuentes os indicadores relativos ao consumo de alcohol, cannabis ou o tabaco presentan mellores resultados en Galicia que en España.

Cómpre elaborar un Plan Galego de Saúde Mental, coa participación de todos os sectores afectados, que promova unha saúde mental en positivo, con especial atención aos menores e coa introdución da perspectiva de xénero. A curto prazo, considérase necesario un aumento de profesionais destinados a atender aos pacientes con estas enfermidades co obxectivo de permitir mellorar a súa atención e reducir as listas de espera.

Outra das causas externas de morte máis importantes son os accidentes, tanto de tráfico como laborais. Segundo datos da Dirección Xeral de Tráfico, fronte ao descenso do número de vítimas mortais nas estradas galegas nos dous anos anteriores, 2018 presenta un significativo incremento do mesmo, acadando as 108 defuncións, 28 máis que no ano anterior, o que contrasta co descenso de 18 persoas no conxunto do Estado.

O número de accidentes laborais con baixa en Galicia

aumentou no último ano un 2,4% para situarse nos 27.941 accidentes. En termos relativos, o índice de incidencia ascendeu en Galicia dende os 3.329 accidentes por cada 100.000 traballadores afiliados con continxencia de traballo cuberta de 2017 ata os 3.374 accidentes en 2018, o que representa unha medra interanual do 1,4%.

Outro indicador do funcionamento do sistema sanitario proporciónao os datos dos centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos, referidos a recursos materiais e humanos, como cualitativos, reflectidos nos datos de volume e tempo de espera nas listas de agarda.

En relación á atención primaria, mantense o número de centros de saúde en 398 mentres que descende lixeiramente os consultorios locais, que se sitúan en 68, tres menos que no ano anterior. No que se refire á atención especializada, esta préstase en 37 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde. O número de camas instaladas nos hospitais galegos no último ano aumenta respecto ao ano anterior, de xeito que a 31 de decembro de 2017 (último dato dispoñible) Galicia conta cun total de 9.861 camas instaladas, 103 máis que no ano precedente, o que representa 3,7 camas por cada mil habitantes.

Dentro dos indicadores que permiten valorar o funcionamento do sistema sanitario, é fundamental ter en conta o concernente aos recursos humanos, en 2018 de media en Galicia exercen diariamente 2.558 médicos de familia, e 2.568 enfermeiros/as. No que respecta á atención especializada, o persoal facultativo exercendo diariamente de media foi de 4.901 persoas, e 1.399 facultativos en formación. En termos relativos, os datos da Estatística de Profesionais Sanitarios Colegiados do INE reflecten que no ano 2018 en Galicia exercían 450,6 médicos e 525,1 enfermeiros colexiados por cada 100.000 habitantes, fronte a 444,7 e 520,2 respectivamente no ano anterior.

Un dos obxectivos prioritarios a acadar no ámbito sanitario é a redución das listas de agarda e do tempo medio que teñen que esperar os pacientes para ser operados. No que atinxe á lista de agarda estrutural cirúrxica nos

hospitais do Sergas, incluíndo o H. Povisa, no ano 2018 descende a lista de agarda ata as 35.372 persoas, 763 persoas menos que no ano anterior. Xunto ao devandito descenso do número de persoas nas listas, redúcese o tempo medio de espera pasando de 66,4 días no ano 2017 a 60,6 días no último ano. Neste último ano o 79,2% dos doentes teñen que agardar menos de tres meses para operarse e o restante 20,8% permanecen máis de tres meses en lista de agarda.

Xunto a esta lista de agarda cirúrxica, hai que ter en conta a situación destas listas no caso das consultas externas e das probas diagnóstica. Dunha banda, a 31 de decembro de 2018 había un total de 173.332 persoas nas mesmas, o que supón un descenso de 1.921 persoas (1,1% menos), reducíndose o tempo medio de espera ata os 44,8 días fronte aos 46,6 días do ano anterior. Oftalmoloxía e traumatoloxía son as especialidades con maior número de persoas en lista de agarda, con máis de 28.000 persoas cada unha, situándose a espera media en 47,2 días e 56,4 días, respectivamente. Asemade, cómpre resaltar anestesioloxía e reanimación, anxioloxía e cirurxía vascular e alergoloxía presentan un tempo medio de espera que superan os 55 días.

Doutra banda, no que se refire ás listas de agarda de probas diagnósticas, a radioloxía é a que presenta o maior número de persoas en lista de agarda, con 62.482, situándose o seu tempo medio de espera en 60,6 días. Séguelle en importancia as endoscopias, con 18.818 pacientes en lista de agarda, ascendendo o seu tempo medio de espera a 129 días.

Finalmente, no que respecta aos indicadores de gasto sanitario público, o aumento por cuarto ano consecutivo do gasto sanitario, xunto ao estancamento da poboación, repercute nun novo aumento do gasto medio por habitante, que ascendeu a 1.428,42 euros, importe superior ao gasto medio a nivel estatal que é de 1.311,93 euros. Tras este incremento do gasto sanitario por habitante, Galicia presenta o diferencial máis acusado respecto á media española, situándose en 116,49 euros (66,96 euros no ano anterior).

No que respecta ao gasto público por receitas factura-

das, os 710 millóns de euros de gasto farmacéutico acadado en 2018 supoñen un incremento do 2% en relación ao ano anterior, o que se corresponde en grande medida a un aumento no número de receitas facturadas, un 1,2% máis, así como a un aumento no importe medio por receita (0,7%).

• Pobreza e cohesión social

Os datos máis recentes da Enquisa de Poboación Activa do IGE sinalan que por segundo ano consecutivo descende o volume de fogares que non reciben ningún tipo de ingreso, descendendo tamén aqueles fogares cun só preceptor. En 2018 en Galicia hai 31.800 fogares sen ingresos (34.700 no ano 2017), así como 457.400 fogares onde unha soa persoa que percibe ingresos (464.700 persoas no ano precedente). Indicios que parecen mostrar a recuperación dalgúns indicadores da situación social, aínda que están lonxe dos valores rexistrados con anterioridade ao comezo da crise económica. De feito, a poboación con ingresos por debaixo do limiar de risco de pobreza material descende ata o 15,9%, sendo esta porcentaxe dous puntos superior á rexistrada en 2008 (13,9%).

Así mesmo, a caída da poboación activa en Galicia favorece o incremento no número de fogares nos que ningún dos seus membros ten a condición de activo, o 31,8% do total dos fogares galegos. Nas 743.200 vivendas con ao menos un activo, no 8% (59.200 fogares) todos os membros activos están parados.

A pobreza vese influída pola incidencia de moitas variables non só económicas, senón tamén sociais e demográficas. No ano 2017 obsérvase un novo repunte no prezo da enerxía eléctrica para os consumidores domésticos en España fronte ao leve descenso que se produce na UE. Este aumento contribúe a perpetuar en España prezos notablemente superiores da enerxía eléctrica que na media UE-28. Segundo a enquisa de orzamentos familiares, no ano 2017 (último dato dispoñible) continúa a tendencia descendente iniciada en 2013 da porcentaxe do seu orzamento destinada polos fogares galegos a electricidade, gas e outros combustibles, que de media dedicaron o 3,9% do seu presuposto (3,8% media estatal). O gasto

medio por fogar neste concepto foi de 1.052,73 euros (1.097,35 euros no Estado), un 0,6% máis que no ano anterior.

O CES insiste en poñer de manifesto a necesidade de que os poderes públicos faciliten aos fogares galegos en situación de pobreza enerxética o acceso ás subministracións enerxéticas (electricidade e gas, fundamentalmente).

O CES chama a atención sobre a complexidade do proceso de cambio enerxético polo que compre establecer unha transición que permita unha adaptación inclusiva tanto a nivel tecnolóxico como a nivel regulatorio da economía e da sociedade.

En relación ás dificultades para acometer gastos relacionados coa hipoteca, o número de desafiuzamentos practicados por impago de aluguer ascende en 2018 a 1.245, o que representa o 3,3%, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2013. Comparado co ano anterior, os lanzamentos practicados como consecuencia de procedementos derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos descende en Galicia un 24% (394 menos), o que contrasta co incremento do 4,5% rexistrado no conxunto do Estado.

Outro indicador de pobreza que abarca máis variables ademais da desigualdade monetaria é o definido na Estratexia Europa 2020 que incorpora aspectos como a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE, mostra que a taxa de pobreza ou exclusión social en Galicia mantense no 20,3% en 2017. A súa distribución provincial non é homoxénea, presentando as provincias do norte de Galicia as taxas de risco de pobreza ou exclusión social máis reducidas, con taxas sensiblemente inferiores á media galega. Lugo mantense como a provincia coa taxa máis reducida (o 18,06% da poboación atópase en situación de risco ou exclusión social), por diante de A Coruña, cun 18,65%, situándose no último ano Pontevedra coa taxa máis elevada cun 22,46% (21,72% en Ourense).

O CES valora negativamente que a taxa de risco de pobreza en Galicia permaneza constante polo que resultaría necesario a posta en marcha de medidas que reduzan a devandita taxa. Especialmente, quere chamar a atención sobre as persoas máis novas, o segmento da poboación que ten a maior taxa de risco de pobreza, polo que entende que é preciso implementar programas de apoio que permitan mellorar a súa posición, xa que a súa vulnerabilidade social coincide cunha etapa da vida fundamental para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Ao igual que acontece en termos territoriais, as variables demográficas tamén determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. A poboación entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que en Galicia o 28,3% destas persoas estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe superior á correspondente ás persoas de entre 50 e 64 anos (23%). A existencia de fogares con cargas familiares ou a tipoloxía dos mesmos, determinan tamén un maior ou menor risco de pobreza, así o maior risco de pobreza rexístrase nos fogares compostos por un adulto con nenos e/ou mozos a cargo, cun 52,7% dos mesmos en situación de pobreza ou exclusión social en 2017 (49,6% en 2016). Diferenciando por tipoloxías, os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa co 36,5% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión (35,6% no ano anterior).

A situación e evolución da pobreza, desigualdade e cohesión social, están claramente condicionados polas características da demografía galega, cuxa problemática se observa na composición dos fogares en Galicia. A 31 de decembro de 2017 en Galicia o 32,1% dos fogares estaban compostos por unha parella con fillos, 3,1 puntos porcentuais menos que no ano 2008, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 24,2%, o que representa 2,8 puntos porcentuais máis que no ano 2008. O 21,7% dos fogares en Galicia son unipersoais, e dentro destes, en máis da metade a persoa ten máis de 65 anos.

España é o país onde máis aumentou a desigualdade como consecuencia da crise económica, e os principais organismos internacionais coinciden na necesidade de reducir a diferenza entre os niveis de renda da poboación situada nos extremos da distribución de ingresos, así como en afirmar as negativas consecuencias do incremento da desigualdade sobre o crecemento económico. No ano 2017 o coeficiente de Gini presenta en Galicia un valor de 0,273, correspondendo o valor 0 á perfecta igualdade e 1 á perfecta desigualdade nos ingresos. As catro provincias galegas presentan en 2017 un índice inferior ao do conxunto do Estado (0,341), acadando ao mesmo tempo Lugo e Ourense valores por baixo da media galega.

Por outra banda o indicador da distribución da renda S80/S20, mostra que o quintil de poboación máis rico en Galicia ten uns ingresos medios 4,18 veces superiores aos do quintil de poboación máis pobre. A distribución S80/S20 no Estado en 2017 foi do 6,60.

No que atinxe á dependencia, os datos da Enquisa Estrutural a Fogares reflicten que en 2017 residían en Galicia un total de 117.875 persoas en situación de dependencia, sendo as provincias de Ourense e Lugo onde os índices de incidencia son maiores como consecuencia do maior envellecemento da poboación. Ao longo do último ano formalizáronse un total de 80.184 solicitudes para acceder ás prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), o 4,5% do total estatal. En relación á poboación empadroadada en Galicia, estas solicitudes representan o 2,97% da poboación da CCAA (3,78% de media no Estado), situándose como unha das CC.AA. con menor rateo.

No último ano redúcese de maneira moi considerable o número de solicitudes pendentes de valoración que se sitúa en 457 solicitudes fronte ás 1.503 solicitudes en lista de agarda de valoración no ano anterior.

Un indicador significativo da evolución do sistema é a análise da evolución do número de persoas con prestación. O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia aumenta en 2018 ata os 60.099 beneficiarios, un 8,5% máis que no ano anterior, se ben continúan sen ser atendidas 7.804 persoas cunha

valoración positiva para acceder ás prestacións (11,5% sobre total de beneficiarios con dereito a prestación, case oito puntos menos que a media estatal). Este incremento ven explicado, en maior medida, pola incorporación ao sistema dos dependentes de grado I. En termos relativos Galicia presenta un forte descenso do número de persoas desatendidas por cada mil persoas con dereito a prestación, situándose en 2018 en 114,9 persoas desatendidas (176,4 no ano anterior), case 38 puntos por baixo da media estatal.

O CES considera necesario que se sigan poñendo os recursos necesarios para atender a todas as persoas dependentes da nosa Comunidade Autónoma.

No concernente ás escolas infantís, Galicia conta no último ano cun total de 573 escolas que ofertan 31.639 prazas (29.803 prazas no ano anterior). Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos nese ano ascende a 77.365 nenos, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en Galicia en 40,9 prazas fronte ás 38,1 do ano anterior.

Con relación á **violencia de xénero**, o número de vítimas rexistradas por violencia de xénero (con orden de protección ou medidas cautelares) ascende en Galicia a 1.306, o que supón unha medra do 4,1% respecto ao ano anterior (51 vítimas máis). Ao longo do ano 2018 un total de 1.298 homes foron rexistrados como denunciados por violencia de xénero nos asuntos con orde de protección ou medidas cautelares ditadas, o que supón o 4,2% do total estatal.

Os delitos máis numerosos son as lesións, que concentran o 51,2% do total (50,4% en España), torturas e outros delitos contra a integridade moral, co 23,3% (19,1% en España) e as ameazas, co 12,6% do total (16,9% no conxunto do Estado).

O número de mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia no conxunto do ano 2018 ascendeu a tres segundo os datos da Delegación do goberno en Galicia, sendo asasinadas un total de 47 no conxunto do Estado. En termos relativos, a taxa de mulleres asa-

sinadas por millóns de mulleres de 15 e máis anos situouse en Galicia en 1,6 situándose esta rateo no 2,3 no conxunto do Estado.

O CES chama a atención sobre o incremento das mulleres con orden de protección e das infracción penais por parte do denunciados, polo que a administración debe seguir traballando na posta a disposición das vítimas de mellores recursos e servizos para atender ás súas necesidades e garantir a súa seguridade.

No concernente á **violencia doméstica**, ao longo do ano 2018 rexistráronse un total de 357 vítimas en asuntos de violencia doméstica con orde de protección ou medidas cautelares, 17 máis que no ano anterior (5%). O 62,7% das vítimas son mulleres e o 37,3% restante, homes.

No que ás denuncias se refire, en 2018 rexistráronse un total de 270 persoas denunciadas (5,3% do total estatal), das que 209 son homes e os restantes 61 mulleres.

Por último, no concernente á atención a menores, os datos da memoria de 2018 da Fiscalía da C.A., correspondentes ao ano 2017 (último dato dispoñible) reflicten que nese ano incoáronse 3.558 procedementos de menores por delitos en Galicia, o que supón unha medra interanual do 9% (293 procedementos máis). Deste total, 2.558 corresponden a dilixencias preliminares (71,9% do total) e 1.000 a expedientes de reforma (28,1% da cifra global).

Segundo a estatística fiscal, en 2017 rexistráronse 2.546 delitos incoados, cun lixeiro incremento respecto ao ano precedente (26 máis). Deste xeito hai unha case correcta rateo de 0,99 delitos por procedemento incoado. Os tipos delitivos máis representativos cuantitativamente son os delitos de lesións (20,3%), furtos (19,1%), violencia doméstica (8,4%) e delitos de roubo con forza e danos, cun 6,6% cada un deles.

• Cobertura social

O modelo de protección pública en España susténtase en distintos instrumentos de garantía de rendas, dentro dos que as prestacións do sistema da Seguridade Social teñen un papel preponderante. Segundo a Enquisa estrutural a fogares do IGE en 2017 no 31,5% dos fogares galegos a totalidade dos seus ingresos proviñan das prestacións; ademais para o 43,1% dos fogares galegos as prestacións representan máis da metade dos seus ingresos.

No ano 2018 en Galicia rexístranse 890.228 persoas beneficiarias de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, 1.330 menos que no ano anterior. Este descenso ven motivado pola redución dos beneficiarios de pensións non contributivas e prestacións por desemprego, que supera o incremento dos beneficiarios de pensións contributivas.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia, volve a medrar lixeiramente no ano 2018, para acadar as 762.000 pensións (0,6% máis que en 2017). O seu importe medio ascende a 799,64 euros ao mes, acadando só o 84,5% do importe medio estatal, o segundo máis baixo tras Estremadura. En relación ao ano anterior, este importe medra un 2,8% en Galicia, incremento dúas décimas superior ao rexistrado de media en España.

Os datos correspondentes ao ano 2017 (último dato dispoñible) reflicten que o número de pensionistas por cada mil habitantes residentes en Galicia que perciben unha pensión contributiva da Seguridade Social ascendeu a 245,1, sendo esta rateo superior no caso dos homes (253,9) que das mulleres (236,9). Este indicador aumenta a medida que diminúe o grao de urbanización, de xeito que acada o seu valor máis elevado nas zonas pouco poboadas, con 317,7 pensionistas por mil habitantes fronte aos 218,7 nas zonas intermedias e 216,8 nas zonas densamente poboadas.

As mulleres representan o 53,5% do total de pensións contributivas rexistradas en Galicia no ano 2018, cun importe medio de 632,30 euros, notablemente inferior ao importe medio das pensións contributivas dos homes

que no dito ano é de 992,49 euros ao mes (1,6 veces máis), o que supón que o importe medio das pensións das mulleres é 167,34 euros inferior ao dos homes.

O CES pon de manifesto a fenda de xénero nas pensións e na protección por desemprego. Considera prioritario garantir a igualdade efectiva entre homes e mulleres no mercado laboral para paliar a dita situación.

Esta mesma situación prodúcese nos distintos réximes, sendo especialmente significativos os casos do réxime xeral e o R.E. de traballadores autónomos. No primeiro caso, malia que hai tan só unha diferenza en torno a seis mil pensións contributivas, o importe medio dos homes é 1,5 veces o das mulleres (1.122,42 euros e 739,50 euros, respectivamente). No concernente aos traballadores autónomos, a pesar de que o número de pensións das mulleres é superior ao dos homes (1,7 veces máis) o importe medio das pensións das mulleres é de 599,23 euros cando entre os homes ascende a 667,77 euros (o cociente entre o importe medio das mulleres e o dos homes é de 0,8).

De media, o importe medio das pensións contributivas foi de 934,70 €/mes no réxime xeral (1.042,05 €/mes no conxunto do Estado) e de 568,00 €/mes no R.E. de Autónomos (654,72 €/mes en España). Este menor importe medio no RETA é especialmente importante dado o elevado peso da afiliación a este réxime en Galicia.

O 62,3% do total de beneficiarios de pensión contributivas teñen unha pensión de xubilación, o que supón 474.800 beneficiarios, 3.300 máis que no ano anterior. O importe medio mensual foi de 910,57 euros, 180,13 euros menos que o importe medio do Estado, o segundo máis reducido do conxunto de Comunidades Autónomas tras Estremadura.

O CES segue a ver con preocupación o envellecemento, en todas as súas vertentes, da poboación de Galicia ante as repercusións sobre prestacións sociais que isto implicará no medio e longo prazo.

No ano 2018 rexístranse en Galicia 70.000 pensións contributivas por incapacidade permanente, sendo as segundas en importancia en canto ao importe medio mensual, con 849,08 euros, 97,11 euros menos que o importe medio no Estado, manténdose como a terceira Comunidade cun menor importe medio. Por outra banda, o número de beneficiarios de pensións contributivas de viuvez en Galicia ascendeu a 187.000 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual a 563,25 euros, un ano máis o máis reducido do conxunto do Estado, con 101,19 euros menos ao mes que a media. As pensións de orfandade e favor familiar rexistran 30.200 beneficiarios (o 7,9% do total de España) perciben de media 403,97 euros mensuais.

Dentro das pensión contributivas tamén se inclúen as de incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores: maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave.

O incremento no nivel de ocupación leva aparelado un incremento no número de procesos por incapacidade temporal en vigor; así a finais de 2018 o número de procesos en vigor era de 37.716, dos que o 87,6% era por continxencias comúns. A duración media dos procesos con alta é de 60,4 días para as continxencias comúns e de 49,4 días para as continxencias profesionais. Dentro das prestacións asociadas ao coidado de menores, ao longo do ano 2018 concedéronse 12.789 prestacións de maternidade, en torno a 1.100 menos que no ano anterior; fronte ao descenso das prestacións de paternidade, que se situaron en 12.245 prestacións, 727 menos que no ano anterior.

No que respecta ás prestacións económicas de carácter non contributivo, analízanse as pensións non contributivas de xubilación e viuvez, as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI) e as prestacións familiares. En 2018 segue a tendencia de redución no número de beneficiarios de prestacións non contributivas en Galicia. Tras unha caída do 2,3% respecto ao ano anterior (medra un 0,5% no conxunto do Estado), o número total de beneficiarios sitúase nos 39.182; unha caída

que afecta tanto aso beneficiarios de pensións de invalidez (2,9%) como de xubilación (1,9%). O 62,2% do total de beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia, teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,8%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 360,13 euros para as pensións por xubilación e de 407,93 euros para as pensións por invalidez.

Outro instrumento de cobertura fundamental no sistema de protección social son as prestacións por desemprego. No ano 2018 rexístranse 89.083 persoas beneficiarias da prestación por desemprego, un 4% menos que no ano anterior, case un punto superior á caída no conxunto do Estado (3,1%). A taxa de cobertura, definida como a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego aumenta no ano 2018 ata o 55,9%, a taxa máis elevada dende o comezo da recuperación económica, situándose esta porcentaxe 27 puntos porcentuais por baixo da taxa existente antes da crise económica.

A caída de beneficiarios de prestacións por desemprego prodúcese tanto no número beneficiarios de subsidios como os da renda activa de inserción e, en maior medida, dos beneficiarios do programa de activación para o emprego destinados a persoas desempregadas de longa duración e que teñen unha duración máxima de seis meses para cada beneficiario. Por contra, increméntase o número de beneficiarios de prestacións contributivas.

A pesar da redución do número de persoas paradas, a taxa de cobertura do desemprego continúa descendendo, polo que o CES reclama medidas específicas para estas persoas traballadoras, moitas en idades de difícil inserción laboral.

O 47,5% dos beneficiarios da prestación por desemprego teñen dereito a prestación contributiva (42.300 beneficiarios) e o 44% a subsidio (39.179 beneficiarios), fronte ao 44% e 43,3%, respectivamente, do exercicio anterior. No ano 2018 rexístranse, ao igual que acon-

tecera no ano anterior, máis beneficiarios de prestacións contributivas que de subsidios.

No que respecta á renda de integración social e ás axudas de emerxencia social, a 31 de decembro de 2018 en Galicia estaban rexistradas 10.160 persoas beneficiarias da Risga, o que supón un descenso do 2% en relación ao ano anterior (211 beneficiarios menos). A diferenza do acontecido no ano anterior, o devandito descenso de beneficiarios rexístrase tan só no sur de Galicia, experimentando Ourense o descenso máis acusado en termos relativos, cunha caída do 9,3% (121 persoas menos), fronte ao 3,3% no caso de Pontevedra (160 beneficiarios menos). O seu importe medio permanece practicamente igual, situándose en 439,29 euros mensuais. Doutra banda, o número total de axudas de Inclusión Social concedidas no ano 2018 ascendeu a 2.913, un 11,1% máis que no ano anterior, descendendo o seu importe medio ata os 1.057,94 euros ao mes, un 6,5% inferior á do ano precedente.

• Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Na última década o medio ambiente sitúase na primeira liña de aspectos a abordar nas distintas políticas públicas e os acordos internacionais obrigan aos países e rexións a dotarse dun marco político e normativo propio e dos recursos orzamentarios suficientes para facelo efectivo. A nivel europeo a Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sustentabilidade os de acadar no ano 2020 unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro (GEI) do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

As emisións de GEI en Galicia no ano 2017, segundo os datos do Inventario Nacional de Emisións de Contaminantes á Atmosfera, situáronse nun 102,3% das existentes en 1990 cando no ano anterior situábase no 95,6%. Deste xeito, no último ano considerado Galicia está máis lonxe de cumprir o obxectivo fixado na Estratexia Europea 2020.

Os últimos datos de emisións para o ano 2017, proporcionados pola Consellería de Medio Ambiente, sinalan

que o 53,2% do total de emisións en Galicia proveñen de instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases (sector directiva), correspondendo o 46,8% restante aos definidos como sectores difusos. O comportamento do sector directiva e do sector difuso foi desigual no último ano, mentres que as emisións asociadas ao réxime de comercio de dereitos de emisión aumentaron nun 13,8% respecto do 2016, as emisións dos sectores difusos apenas sufriron variacións, experimentando un lixeiro incremento do 0,26%.

As emisións de gases de efecto invernadoiro asociadas ao réxime de comercio de dereitos de emisión en 2018 reducíronse un 3,8%, respecto do ano anterior, situándose as emisións en 15,5 millóns de toneladas de CO₂ equivalentes emisións (10,6 millóns corresponden ao sector da produción de enerxía eléctrica, que presenta unha redución do 6%).

Outro indicador importante para valorar a efectividade da loita contra o cambio climático é a evolución e o volume de gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes. Neste sentido o gasto da industria manufacturera galega en protección ambiental diminúe no ano 2016 (último dispoñible) un 1,9% en relación ao ano anterior, o que supón 2,3 millóns de euros menos. Esta redución de gasto afecta ao investimento en equipos e instalacións integrados, con 7,8 millóns de euros menos, ao contrario do que acontece co investimento en equipos e instalacións independentes (4,1 millóns de euros máis) e gastos correntes, que se incrementan en 1,4 millóns de euros.

Dada a importancia da preservación do medio ambiente, a loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sostible, o CES insta ao goberno e fai un chamamento ao conxunto da cidadanía para que entre todos se faga un maior esforzo tanto en medios e medidas para a súa preservación, como en difundir entre a poboación a necesidade da protección do mesmo.

Outro indicador da protección medioambiental nun territorio está en relación á superficie baixo algún tipo de

protección. Neste sentido os espazos protexidos en Galicia, segundo os datos do último anuario Europarc-España 2018 representan unha superficie total de 398.609 ha, o 3,4% do total estatal, dos que 352.059 hectáreas corresponde á superficie terrestre protexida. Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a novena Comunidade con maior superficie terrestre protexida en relación á súa superficie territorial total, ao representar o 12% da súa superficie (13% no conxunto do Estado). A falla de protección específica para determinadas zonas e especies sensibles, e, fundamentalmente os incendios forestais, son as principais ameazas medioambientais en Galicia.

Os datos publicados no Anuario de Estadística Forestal 2016 (publicado no ano 2019) reflicten que a superficie forestal arborada en Galicia supera as 1.400.000 hectáreas, o que representa o 71,3% da superficie forestal galega (66,1% de media en España) e o 49,2% da superficie total (36,3% da superficie estatal). É importante salientar que a superficie forestal ordenada ou suxeita a instrumentos de ordenación ascende en Galicia a 212.594 hectáreas, o que representa o 10,4% da superficie forestal galega, situándose esta porcentaxe non só por baixo da media estatal, que ascende a 17,3% nese ano, senón moi lonxe da protección que existe en Navarra, con case o 60% da súa superficie forestal ordenada, ou Cataluña, con aproximadamente o 40%.

No que aos incendios forestais se refire, despois da vaga de incendios que se rexistrou en Galicia no mes de outubro de 2017, o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación estima que ao longo do ano 2018 ardearon en Galicia 2.618,1 hectáreas, o 10,4% do total estatal, cando no ano anterior superáranse as 61.900 hectáreas, case vinte e catro veces máis que no ano anterior. O 28,3% do total de superficie queimada na Comunidade Autónoma estaba arborada situándose esta porcentaxe no 18,8% no conxunto do Estado.

O CES valora positivamente o descenso do número de incendios e da superficie afectada, aínda que considera que hai que facer un maior esforzo nas políticas de prevención.

Ao longo do último ano declaráronse 1.436 sinistros (3.249 no ano anterior), dos que 1.189 teñen menos dunha hectárea e 247 afectan a unha superficie superior á hectárea. En relación ao conxunto do Estado, Galicia sufriu o 20,1% dos incendios rexistrados (23,6% no ano anterior), representando a superficie total queimada o 10,4% da superficie forestal total afectada polo lume a nivel estatal.

En 2016 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia un total de 1,1 millón toneladas, o 5,1% do total estatal, o que supón unha redución do 2,8% respecto ao ano anterior (medra un 1,1% en España). Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos, a devandita caída prodúcese no caso dos residuos recollidos selectivamente ao reducirse o seu volume nun 18,7% fronte ao incremento do 0,6% nos residuos mezclados. O conxunto do Estado presenta un comportamento similar, se ben caída dos residuos recollidos selectivamente foi dun 1,7% e o incremento dos residuos urbanos, do 1,7%. En termos anuais por habitante, a diferenza do que acontece en España, Galicia presenta unha redución do volume de quilogramos por habitante, recolléndose en 2016 un total de 409,4 kg, case 62 kg menos que a media estatal (471 kg), cando no ano anterior a contía recollida foi de 419,4 kg.

En relación aos residuos industriais, no ano 2016 (último dato consolidado) xeráronse en Galicia 3,1 millóns de toneladas de residuos, dos que os residuos de construción e demolición (RCD) son os de maior xeración (44,5%) seguidos dos residuos procedentes do tratamento de residuos e auga e dos procesos de tratamento térmico, en torno ao 15% do total en ambos casos. As instalacións autorizadas na actualidade, tanto de residuos perigosos coma non perigosos no ano 2016 distribúense en 201 instalacións de almacenamento cunha capacidade máxima de 113.000 toneladas, 88 instalacións de clasificación con 1,1 millóns de toneladas/ano de máximo, 369 instalacións de valorización (9,9 millóns de t/a) e 29 instalacións de eliminación (169 mil t/a).

• Ocio e cultura

A distribución funcional do orzamento de gastos da Ad-

ministración xeral amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o crédito consignado a cultura ascende en 2019 a 69 millóns de euros, un 3,3% máis que no ano anterior. O número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia aumenta no último ano ata as 35.000 persoas, o que representa o 5,1% do emprego cultural no conxunto do Estado, o valor máis reducido nos últimos seis anos.

O gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega descendeu no ano 2016, último dispoñible, ata 72,7 millóns de euros, o que significa unha caída do 12,9% en relación ao ano anterior (10,7 millóns de euros menos). Esta taxa de variación interanual é case dez puntos superior á caída rexistrada de media no conxunto do Estado (2,5%).

En termos relativos, o gasto en cultura representa o 0,12% do PIB galego (0,09% no Estado) e o 0,70% do gasto liquidado total (0,58% en España). Asemade, cómpre mencionar que o gasto per cápita descende ata o 26,70 euros, importe superior ao do conxunto de España, que se sitúa en 22,70 euros.

No que respecta ao gasto cultural nos fogares galegos, no ano 2017 ráchase a tendencia positiva iniciada en 2015 ao reducirse o gasto destinado a consumo cultural por parte das familias, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. tras unha caída do 6,6% respecto ao ano anterior, nove décimas superior á contracción experimentada no conxunto do Estado, a poboación galega gastou 650,8 millóns de euros en cultura, o que representa o 4,9% do gasto total en España. O principal destino deste gasto corresponde á telefonía móbil e servizos relacionados con internet, que concentra 40,3% do gasto galego en bens e servizos culturais (36,7% en España) seguido polo gasto en compra de equipos e accesorios de tratamento de información, que representa o 26,8% (23,9% en España). □

5.

Recursos e capacidades para o desenvolvemento

• Capital humano

A Estratexia Europa 2020 para un crecemento intelixente, sustentable e integrador considera o ámbito educativo como un dos seus cinco obxectivos prioritarios. A redución ata o 10% do abandono educativo temperá e que como mínimo o 40% da poboación entre 30 e 34 anos teña educación superior son os dous indicadores seleccionados para medir o grao de cumprimento deste obxectivo.

Mentres que Galicia cumpre xa co o obxectivo do peso relativo da poboación con estudos superiores, a comunidade atópase aínda moi lonxe no caso do abandono educativo temperá. Dunha banda, en 2018 o 46,1% da poboación galega nesa franxa de idade ten o dito nivel de estudos (42,4% no conxunto do Estado), e esta rateo é significativamente superior entre as mulleres, cun 53,8% en Galicia fronte ao 48,6% de media no conxunto do Estado, mentres que entre os homes esta porcentaxe ascende en Galicia ata o 38,4% (36,1% en España). Pola contra, o abandono educativo temperá, entendido como a porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que non finalizou a segunda etapa da ESO e

non segue ningún tipo de estudo, sitúase nese ano no 14,3%, porcentaxe inferior á media española (17,9%) aínda que moi lonxe da media europea (10,6%). Ao igual que no obxectivo anterior, as mulleres presentan mellores datos que os homes, e o abandono educativo temperá sitúase no 11,4% entre as mulleres e no 17% nos homes.

O CES entende que a loita contra o abandono educativo temperá debe ser un obxectivo estratéxico que servirá para avanzar na igualdade de oportunidades das persoas e na creación dunha sociedade máis inclusiva.

Os resultados do sistema educativo galego poden medirse tamén, de xeito indirecto, a través do nivel educativo da poboación con idades comprendidas entre 25 e 64 anos. Segundo os datos da Enquisa de poboación activa, en Galicia a porcentaxe de persoas que ten a segunda etapa de educación secundaria completada representa no ano 2018 o 22%, porcentaxe que se sitúa por debaixo tanto da media española (22,9%) como eu-

ropea (41,3%). Por contra, Galicia presenta un nivel similar ao conxunto do Estado no caso da poboación con estudos superiores (36,9%) aínda que superior á media comunitaria (33,4%). O 41,1% restante non ten completada a 2ª etapa da ESO, sendo esta rateo do 22,5% na UE-28 e do 39,9% no conxunto do Estado.

Unha das vías con efectos máis inmediatos para poñer freo ao descenso da poboación activa é a articulación de medidas que eviten a fuga de talentos, a perda de recursos que supón para a economía galega a sangría de activos de menor idade e altamente formados.

No que respecta ás ensinanzas non universitarias de réxime xeral, no ano 2018 aumenta o número de unidades en funcionamento ata as 19.094, das que máis de tres cuartas partes corresponden a centros públicos. Das devanditas 19.123 unidades, o 34,4% corresponden ao ensino primario e un 21,9% á enseñanza secundaria obrigatoria.

Con relación ao curso 2008-09 cómpre resaltar o incremento das unidades mixtas de infantil/primaria, con 754 unidades máis, inferior en todo caso, ás 909 unidades menos en centros de infantil e de primaria. Doutra banda, aumentan de xeito significativo as unidades en centros de formación profesional básica (362 unidades máis) así como nos ciclos formativos ordinarios, tanto de grao medio (116 unidades máis) como superior (167 unidades máis), así como dos ciclos formativos de adultos (244 unidades máis).

O CES pide aos poderes públicos unha especial preocupación para prever os casos de acoso escolar e homoxeneizar e actualizar os protocolos de actuación.

Segundo as estimacións proporcionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no curso 2018-19 mantense o descenso do alumnado nos centros públicos, que acollen ao 72% do alumnado total, permanecendo practicamente estable o profes-

rado nos centros públicos (79% están nos centros públicos). Non obstante, nos últimos cinco anos (curso 2014-15) o número de alumnos de educación xeral non universitaria matriculados en Galicia en centros públicos reduciuse arredor das 6.500 persoas, mentres que o profesorado descendeu en 85 persoas.

No que ao bacharelato se refire, cómpre destacar que das 30.494 persoas que cursan estes estudos no curso 2018-19 (282 persoas menos que no curso anterior) o 49,6% dos matriculados optaron pola opción de ciencias, un 45,6% pola de humanidades e ciencias sociais, e o 4,8% restante cursaba a rama de artes. Con relación ao curso 2014-15, descende o peso relativo da modalidade de ciencias (51,3% do alumnado nese curso), aumentando tanto no caso das humanidades e ciencias sociais como das artes (44,2% e 4,6%, respectivamente).

O CES considera necesario estimular a participación das persoas máis novas nas titulacións denominadas STEM, especialmente a participación das mulleres. Neste senso, entende que a incorporación de competencias científicas nas primeiras etapas da educación (educación primaria) proporcionaría unha maior sensibilización dos estudantes cara as titulacións científico-técnicas e posibilitaría un aumento das capacidades tecnolóxicas necesarias para impulsar a actividade innovadora nas empresas.

As ensinanzas de formación profesional veñen experimentando un forte impulso nos últimos anos, e esta tendencia mantense crecente tanto nos centros públicos como privados. O número de persoas que están matriculados nestes ciclos formativos ascende no curso 2018-19 a 50.376, o que representa o 6% do total estatal. O 49,9% do alumnado está matriculado nos ciclos formativos de grao superior fronte ao 40,6% nos ciclos de grao medio e o 9,5% restante na FP básica. En termos relativos, Galicia sitúase como a segunda comunidade autónoma con maior peso relativo das matriculacións en ciclos formativos, ao concentrar o

12,5% do alumnado galego. Tan só Cantabria presenta unha porcentaxe superior, co 13,4%, sendo a importancia relativa do 10,2% no conxunto do Estado. Con todo, se a comparación se realiza co curso 2014-15, o seu peso relativo aumenta tan só en dúas décimas (nove décimas no conxunto do Estado), o que a sitúa como un dos incrementos máis reducidos de España (estable en Asturias e Canarias).

Así mesmo, cómpre resaltar a evolución da demanda da formación dual, de xeito que no último curso un total de 937 alumnos (580 do curso anterior), dos que 645 cursan o grao superior e os 292, grao medio (394 e 186 no curso anterior, respectivamente). O número total de convenios con empresas en vigor a 31 de decembro de 2018 ascende a 67, dos que 40 foron asinados neste último ano.

No que ás familias profesionais se refire, os datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reflicten unha distribución moi desigual segundo sexos. Dunha banda, nos ciclos formativos de grao medio, as mulleres matricúlanse en maior medida na modalidade de sanidade, que acolle ao 34,5% das mulleres, na de administración e xestión, co 18,2%, e na de servizos socioculturais e á comunidade, cun 13,2%; en tanto que os homes prefiren electricidade e mecánica (15,1%), transporte e mantementos de vehículos (14,1%) e informática e comunicacións, cun peso relativo superior ao 10,7%. Por outra banda, nos ciclos formativos de grao superior as mulleres matricúlanse maioritariamente nas modalidades de administración e xestión (20,1%), servizos socioculturais e á comunidade (20,6%) e sanidade (18,2%), mentres que entre os homes a modalidade con máis matriculacións son as de informática e comunicacións (19,5%), electricidade e electrónica (12,7%) e administración e xestión (10,2%).

A distribución por familias nos estudos de formación profesional e nos estudos universitarios mostra diferencias importantes por sexos. O CES considera que a educación é unha peza clave para transformar a desigualdade no mercado laboral, polo que é preciso implementar medidas para evitar os

estereotipos que perduran na actualidade na educación e continúan no mundo laboral.

Ao longo dos últimos cinco anos, nos ciclos formativos de grao medio aumenta o peso relativo das matriculacións das mulleres no ámbito sanitario en catro puntos porcentuais, que no curso 2014/15 representaban o 30,5% das alumnas matriculadas, salientando asemade o incremento do peso relativo experimentado na modalidade de servizos socioculturais e á comunidade en case dous puntos porcentuais (11,3% fronte aos devanditos 13,2% no último curso. Por contra, descende de xeito significativos o ciclo de imaxe persoal (12% fronte aos 9,1% no curso 18/19). Entre os homes salienta o incremento en 2,4 puntos porcentuais das matriculacións en informática e telecomunicacións (pasa do 8,3% ata os devanditos 10,7% do último curso), así como o descenso en 3,6 puntos no caso do ciclo de electricidade e electrónica (18,7% no curso 14/15 e 15,1% no último). No ámbito do ciclo superior, entre os homes salienta o incremento do peso relativo de 2,7 puntos no caso dos estudos de informática e comunicacións e entre as mulleres os ciclos de administración e xestión e servizos socioculturais e á comunidade, con 1,5 puntos menos (18,5% e 19,1% no curso 14/15). Por contra, os maiores descenso prodúcense no ciclo de edificación e obra civil e electricidade e electrónica, con 1,3 puntos menos (3,1% e 14% no curso 14/15) e no de administración e xestión no caso das mulleres, con 2,3 puntos menos (22,5%).

No concernente ao profesorado, cómpre resaltar o lixeiro descenso do número de profesores así como o maior peso relativo das mulleres no ámbito educativo. Dunha banda, estímase que en Galicia hai un total de 38.149 profesores (40 menos que no curso anterior), dos que o 79% do profesorado exerce en centros de titularidade pública. Doutra banda, no curso 2016-2017 (último dato dispoñible) o 72,6% do profesorado en Galicia son mulleres (71,9% no Estado), situándose esta porcentaxe en torno ao 84% no caso da Educación especial e Educación infantil e primaria.

As taxas de reposición do profesorado existentes afectan en especial a comunidades como Galicia, que pre-

senta unha idade media do profesorado entre as máis elevadas do Estado. Segundo informe anual do Consello Escolar do Estado 2018 sobre o estado do sistema educativo, no conxunto de ensinanzas non universitarias en Galicia o 38,4% dos mestres teñen máis de cincuenta anos e a porcentaxe do profesorado con máis de 60 anos é do 8% no caso dos mestres (33,1% e 5% de media en España, respectivamente).

No que á integración das TIC nas aulas, considerado hoxe en día como un dos aspectos importantes do sistema educativo, cómpre resaltar que no último curso 2018-19 experimentouse unha medra importante do número de participantes no proxecto Abalar-EDiXGAL. O número total de centros participantes ascendeu a 267 centros (113 máis que no ano anterior), dos que 243 son centros públicos (137 no curso anterior) e 24 centros privados concertados (17 no curso anterior). Tras este incremento, o alumnado nas aulas participantes neste proxecto ascende ata as 17.618 persoas (11.971 no curso 2017-18) dos que 9.467 alumnos están en quinto e sexto de primaria e 8.151 en primeiro e segundo da ESO.

No concernente á formación permanente, que é un dos indicadores de referencia para os obxectivos de educación e formación 2020, os datos do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, reflicten que no curso 2016/17 (último dato dispoñible) o 9,4% da poboación galega de 25-64 anos cursa estudos de formación permanente, sendo esta porcentaxe do 10,2% no caso das mulleres e do 8,5% no dos homes. España presenta porcentaxes lixeiramente superiores non só para o conxunto da poboación (9,9%) senón tamén para os homes (9,2%) e as mulleres (10,6%).

Asemade, no ámbito das Tecnoloxías da Información e Comunicacions, tan só o 17,2% das empresas galegas proporcionaron aos seus empregados actividades formativas nas TIC, sendo esta porcentaxe 5,4 puntos inferior ao rexistrado no conxunto do Estado o que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor peso só por diante de Canarias, Cantabria e Estremadura.

O CES insiste na importancia de incrementar a participación da poboación adulta na aprendizaxe permanente para adaptar ás persoas ó impacto tecnolóxico e mellorar as súas competencias profesionais fomentando así os procesos de alfabetización dixital.

Xunto ao ensino de réxime xeral hai que facer mención ao de réxime especial, que abrangue tanto as ensinanzas artísticas como de idiomas e deportivas. Segundo os datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o alumnado que cursa estes estudos descende no curso 2018-19 ata as 36.426 persoas (1.145 menos que no curso anterior), dos que o 67,7% do total realizan estudos nas escolas oficiais de idiomas (24.643 persoas), o 30% estudos artísticos (10.927 alumnos) e o 2,3% restante (856 persoas) ensinanzas deportivas. Comparado co curso anterior, a devandita caída explícase polo descenso do alumnado en ensinanza de idiomas, con 1.493 persoas matriculadas menos, a diferenza do que acontece co número de persoas que cursan ensinanzas deportivas, con 104 alumnos máis, e ensinanzas artísticas con 249 alumnos máis.

No que respecta ás ensinanzas universitarias, o sistema universitario galego presenta por segundo ano consecutivo un incremento do seu alumnado matriculado, que se sitúa nos 56.160 alumnos no curso 2018-19, o que significa un 0,5% máis que no curso anterior (274 persoas). Tras este incremento, o peso relativo das persoas matriculadas no sistema universitario galego no total estatal sitúase nese último curso 2018-19 no 3,9% do total estatal, cando cinco anos antes esta porcentaxe situábase no 4,2%.

O 44,5% dos estudantes matriculados nas universidades galegas seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas, seguíndolle en importancia as enxeñaría e arquitectura, que acollen o 21,2% dos alumnos, e as ciencias da saúde, cun 17%. Esta distribución é sensiblemente diferente no caso das mulleres, onde o 48,4% están matriculadas nas ramas de ciencias sociais e xurídicas (39,7% entre os homes) fronte ao 22,6% nas ramas de ciencias da saúde (10% entre os homes) e un 11,1% nas artes e humanidades. Por contra, un 10,1%

están matriculadas nas ramas das enxeñarías e arquitectura cando entre os homes esta porcentaxe é do 35%.

Co fin de mellorar o grao de inserción das ensinanzas universitarias en Galicia é preciso reorientalas en maior medida ao mundo do traballo. Entre as medidas a levar a cabo cómpre destacar a necesidade de introducir máis prácticas nas ensinanzas como mecanismo de inserción laboral co obxectivo de intentar poñer freo á saída de poboación. Ao mesmo nivel, é tamén necesario potenciar as habilidades e capacidades máis alá do coñecemento académico.

No que aos indicadores de resultados do sistema universitario respecta, Galicia presenta mellores cifras que o conxunto do sistema universitario español no que á taxa de abandono do alumnado no primeiro curso e á taxa parcial de cambio se refire. Dunha banda, a taxa parcial de abandono nos estudos de grado sitúase no 15,6% fronte ao 16,7% en España. Doutra, a taxa de cambio no primeiro ano de estudo sitúase no 6,8% cando no Estado é do 8,3%. En todos os indicadores considerados, as mulleres presentan valores máis positivos que no caso dos homes.

Por contra, a taxa de idoneidade e a taxa de rendemento no conxunto do sistema universitario galego é inferior á media estatal. A porcentaxe de estudantes que finalizan o grado no tempo previsto (taxas de idoneidade) é do 34,1% cando no Estado ascende ata o 35,8%. A taxa de rendemento, que mide a relación entre créditos superados e créditos matriculados, sitúase no 74,6% en Galicia, a porcentaxe máis reducida de todas as CC.AA (79,9% no sistema universitario español). Novamente, as mulleres presentan mellores cifras que os homes.

• Innovación e tecnoloxía

Nun contorno globalizado onde a intensidade e velocidade de difusión do cambio tecnolóxico está xa condicionando a maneira de producir e consumir, é esencial

complementar a preocupación polo nivel de gasto público en I+D+i cunha preocupación pola eficacia dese gasto. O gasto nas actividades de I+D aumenta un 13,3% en Galicia no ano 2017, último dato dispoñible, impulsado tanto pola medra do gasto no sector privado (20,1%) como no ámbito público (7,1%). O gasto total e o gasto do sector privado volven a amosar un mellor comportamento que no conxunto do Estado, ao contrario do que acontece no caso do gasto no ámbito público, onde en 2017 Galicia presenta unha medra inferior á estatal.

A recuperación económica está a favorecer o investimento en I+D+i en Galicia, impulsada principalmente polo sector privado. Aínda así, é preciso afianzar e mellorar o esforzo investidor, polo que o CES pon de manifesto a necesidade de mellorar os instrumentos de financiación que permitan a súa adaptación ás necesidades dos solicitantes e ás características dos proxectos, así como reducir os trámites administrativos da súa xestión.

O incremento do investimento en I+D no ámbito empresarial e público debe ir acompañado de reformas institucionais que liberen o potencial do capital humano cara ao emprendemento, e que simultaneamente empuxen o noso ecosistema de innovación a confrontar con éxito os novos retos tecnolóxicos, sociais e medioambientais.

Tras este incremento dos recursos destinados a I+D, o esforzo investidor, medido como a porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB, ascende ata o 0,94% (0,86% do ano anterior). Con todo, a pesar desta positiva evolución este indicador non só está por baixo da media estatal (1,20%) e europea (2,07%), senón que se atopa moi lonxe do obxectivo do 1,7% fixado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 para o ano 2020. A Unión Europea establece como obxectivo para este ano o 3% do PIB cando no conxunto do Estado o obxectivo definido é o 2%.

O devandito Plan Estratéxico sinala que aproximada-

mente dous terzos do esforzo inversor obxectivo, debe ser realizado polo sector privado. O gasto en I+D, segundo sectores de execución, mostra que en Galicia o 50,3% do sector empresarial, porcentaxe que se atopa lonxe da media española (54,9%) ou de Comunidades Autónomas como País Vasco (75%), Navarra (69,6%) ou Castela e León (64,2%). Asemade, o 49,4% do devandito gasto na Comunidade Autónoma está realizado polo sector público (administración pública e ensino superior) cando en España o seu peso relativo é do 44,9%.

O devandito incremento do gasto interno en I+D no ano 2017 provoca que o gasto interno en I+D por habitante medre en case 25,50 euros, acadando os 210,81 euros, lonxe da media estatal, que ascende a 301,72 euros por habitante. Xunto ao aumento do gasto en I+D por habitante, no último ano os recursos investidos en I+D por investigador experimentan en 2017, a diferenza do acontecido no ano anterior, un incremento importante. Tras unha medra interanual do 6,9%, máis de seis puntos por riba do rexistrado no conxunto do Estado (0,8%), o gasto interno por investigador ascende a 93.173 euros, o que coloca a Galicia como a décima Comunidade Autónoma con maior investimento, lonxe da media estatal que foi de 105.497 euros.

O CES considera esencial promover a cooperación entre empresas e institucións educativas, con dúas finalidades importantes: por un lado, co obxectivo de reducir a distancia entre as capacidades existentes e as necesidades del mercado laboral e, por outro, facilitar a transferencia de coñecemento e resultados no ámbito de I+D+i.

Dada a crecente demanda de empregos relacionados coas ramas máis tecnolóxicas e a pouca presenza de mulleres nas mesmas, o CES considera que se debe fomentar unha maior participación das mulleres neste tipo de empregos.

En relación á evolución das persoas empregadas en actividades de I+D, no ano 2017 volve a aumentar o per-

soal de I+D empregado en xornada de equivalencia completa, acadando as 10.266 empregados nestas actividades, o que supón un 9,6% máis que no ano anterior (899 persoas), o dobre do rexistrado de media en España. En termos relativos, Galicia conta con 8,2 persoas en equivalencia a xornada completa por cada 1.000 activos, lonxe aínda da media española que é de 9,5 persoas por cada mil activos. No que respecta ao persoal investigador, nese ano Galicia contaba con 6.128 investigadores, dos que o 48% traballan no ámbito do ensino superior, o 38,7% no ámbito empresarial, e un 12,8% na administración pública. En España, o peso relativo do persoal investigador no ensino superior e na administración pública é superior ao estimado en Galicia, acollendo o ensino superior o 47% das persoas investigadoras e a administración un 15,6%. Por contra, o sector privado no conxunto de España acolle ao 37,2% dos investigadores, 1,5 puntos porcentuais menos que en Galicia.

O devandito incremento de persoas empregadas nas actividades de I+D en Galicia (899 persoas) prodúcese, ao igual que no caso do gasto, tanto no sector empresarial, con 842 persoas máis, como en menor medida, no ámbito público.

En relación cos indicadores de alta tecnoloxía, que proporcionan información sobre empresas con actividade nos sectores considerados de alta e media alta tecnoloxía, Galicia conta no ano 2017 con 108 empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía, dez máis que no ano anterior, o que representa o 5% do total existente en España. O incremento do 10,2% no número de empresas leva emparellado unha medra tanto no gasto en I+D (12,2 millóns de euros máis que no ano anterior; 20,2%), como no emprego equivalente a tempo completo (154 persoas máis, 20%). A nivel estatal, descende o número de empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía (20 menos), incrementándose non obstante o gasto en I+D e o persoal empregado a tempo completo, se ben a un ritmo inferior ao experimentado en Galicia (7,6% e 5,9%, respectivamente).

O proceso de cambio tecnolóxico no que está inmerso a nosa economía é un proceso imparabile, por isto o CES demanda a necesidade de facer un esforzo inversor nas infraestruturas, crear entornos dixitais seguros e fiables e proporcionar as condicións de entorno reguladoras adecuadas.

En Galicia no ano 2017 Galicia acolle 185 empresas de servizos de alta tecnoloxía (información e comunicacións, excepto edición, e investigación e desenvolvemento), o que supón o 7% do total estatal. O gasto en actividades de I+D realizado por estas empresas acada no último ano os 97,4 millóns de euros (10,4 millóns máis que no ano anterior; 12%), e os postos de traballo en equivalencia a xornada completa incrementáanse case un 20% acadando as 2.034 persoas (338 máis que no ano precedente).

Outro dos factores relevantes á hora de medir a competitividade internacional dun territorio é o comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía. A pesar do descenso do valor total das exportacións destes produtos, o incremento nun 45,6% das importacións favorece que a actividade comercial dos produtos de alta tecnoloxía aumente no ano 2018 ata os 617,6 millóns de euros, o que supón unha medra un 12,9% respecto ao ano anterior. O saldo positivo da balanza comercial desce moí significativamente no último ano para situarse nos 84,8 millóns de euros fronte aos 181,1 millóns de 2017.

O valor total das exportacións galegas destes produtos a terceiros países desce ata os 351,2 millóns de euros, en tanto que as importacións aumentan un 45,6% para situarse nos 266,4 millóns de euros. O peso relativo das exportacións e importacións de produtos de alta tecnoloxía no sector exterior galego sitúase respectivamente no 1,5% e no 1,4%.

Ao igual que no ano anterior, os sectores que presentan un maior saldo comercial positivo seguen sendo os de produtos químicos, cun saldo positivo de 177 millóns de euros, e o sector de produtos farmacéuticos, con 24 millóns. Por contra, os sectores con saldo comercial ne-

gativo máis elevado é o da construción aeronáutica e espacial, con 65,7 millóns de euros, seguido do sector de instrumentos científicos, con déficit de 24,2 millóns de euros.

A evolución das variables asociadas á innovación nun territorio, está en gran medida determinada polo gasto por parte do tecido empresarial en actividades innovadoras. En Galicia localízanse 900 empresas con actividades innovadoras en Galicia en 2016, 24 menos que no ano anterior, que realizan un gasto en innovación tecnolóxica de 504 millóns de euros, un 6,7% máis que en 2015. En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 3,6% do gasto e o 5,7% das empresas con actividades innovadoras.

Galicia debe aproveitar a recuperación do número de empresas innovadoras para estender a sistematización das rutinas de I+D+i, de maneira que especialmente as pequenas e medianas empresas vaian orientando o seu cartafol de produtos e servizos cara actividades de maior valor engadido e mesmo diversificar a súa actividade en varias cadeas de subministro simultaneamente.

A intensidade innovadora das devanditas empresas, é dicir, a porcentaxe de gasto en actividades innovadoras sobre o volume da súa cifra de negocios, sitúase en Galicia no 1,5%, tres décimas menos que no Estado. Asemade, no caso das empresas con actividades de I+D, esta intensidade innovadora ascende ata o 2,2% (2% en España).

No período 2014-2016, último dato dispoñible, existen 2.635 empresas innovadoras en Galicia, das que 912 son empresas que presentan innovacións tecnolóxicas, entendendo por estas as que comprenden os produtos (bens e servizos) e procesos tecnoloxicamente novos, así como as melloras tecnolóxicas importantes dos mesmos. □

